O título I se ocupa da valoración dos beneficios sociais e económicos de determinados proxectos. No seu capítulo I, se identifican os proxectos suxeitos a esta avaliación, o capítulo II regula a súa integración no trámite de avaliación de impacto ambiental, establecendo as posibles medidas de compensación e estendendo a súa consideración aos informes sectoriais autonómicos. O capítulo III amplía esta valoración establecendo un informe a emitir para aqueles proxectos no ámbito de aplicación do título que non requiran de avaliación de impacto ambiental. O capítulo IV, dividido en 3 seccións, recolle disposicións específicas sobre cada un dos tipos de proxecto afectados: xeración de enerxías renovables, proxectos que requiran do uso de augas para determinados fines, e proxectos mineiros.

O título II regula a participación do sector público en sociedades con obxectivos compatibles co anteproxecto, e os seus instrumentos de financiamento. No capítulo I se habilita ao sector público á participación nestas sociedades. O capítulo II se refire a instrumentos de financiamento para sustentar proxectos cos obxectivos do anteproxecto. Estes instrumentos poden ser subvencións de capital, participacións de capital, préstamos participativos, créditos e deducións fiscais ao investimento, préstamos subvencionados, garantías, titulizacións e asistencia técnica, entreoutras. Se regulan os instrumentos de capital e de débeda, e a titulización dos activos.

CVE: kX6FpqAfM0H1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

O título III crea un canon destinado a gravar o impacto medioambiental e visual das liñas eléctricas de evacuación das instalacións de xeración eólica mariña. No seu capítulo I, se procura que a Administración autonómica nas súas relacións institucionais co Estado de quen son competencia as instalacións eólicas mariñas, o inste a ter en conta a cohesión social e territorial así como os beneficios económicos e sociais en Galicia. O capítulo II establece o canon, fixando a natureza, obxecto, e ámbito de aplicación. Se establece unha afección dos ingresos do canon á conservación, reposición e restauración do ambiente, así como a actuacións de compensación e reequilibrio ambiental e territorial das cales serán principais beneficiarios os concellos afectados pola aterraxe das infraestruturas necesarias para a ~~de~~ evacuación e o sector pesqueiro afectado pola implantación dos parques eólicos dos cales se evacúa a súa enerxía. Permítese tamén o seu destino á compensación ao sector pesqueiro en xeral, e o seu uso para as sociedades e instrumentos do título II. Se configuran o feito impoñible, período impositivo, suxeitos pasivos, base impoñible, tipo de gravame e cota tributaria, así como a obriga de presentación de declaracións e autoliquidacións.

O título IV se ocupa da recuperación integral dos territorios afectados por incendios forestais. No seu capítulo I, establece unha serie de actuacións da Administración en materia de planificación territorial, determinación dos usos agroforestais permitidos, implantación de paisaxes cortalumes, impulso da diversificación de masas forestais, e o aseguramento dunha actuación constante no tempo. O capítulo II crea un fondo de recuperación do territorio afectado por incendios de incidencia singular. Se trata dun fondo específico, de carácter finalista. Se establece a competencia do Consello da Xunta para declarar mediante acordo cales son os incendios de especial incidencia. A financiación do fondo incluirá recursos propios conforme se inclúan nos orzamentos da Comunidade Autónoma, achegas doutras administracións, doazóns, e achegas privadas. Se establecen as actuacións que se poden financiar ao cargo do fondo, e a regulación das achegas privadas incluíndo o acceso a beneficios fiscais.

O título V se ocupa dos proxectos de autoconsumo enerxético nas áreas empresariais de Galicia. Dispón o fomento por parte dos promotores públicos ou privados do solo empresarial da implantación de proxectos de autoconsumo baseados en enerxías renovables. Establece unha serie de normas de aplicación directa en materia de urbanismo e organización do territorio para simplificar e promover estas instalacións, permitíndoas en parcelas lucrativas e dotacións privadas ou públicas de uso secundario ou terciario, nas zonas de recuamento e espazos libres de edificacións, sobre as edificacións e outras construcións auxiliares, e, no caso das instalacións de autoconsumo colectivo, nas zonas verdes e espazos libres. Procurando o levantamento de cargas burocráticas e de planificación, se dispón a interpretación favorable das ordenanzas, dispensando os elementos singulares das alturas máximas, e non computando estas instalacións a efecto de

CVE: kX6FpqAfM0H1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

distancias mínimas ou edificabilidade. Estas normas deberán incorporarse nos instrumentos de planificación e ordenación do territorio a partir da entrada en vigor do anteproxecto, e prevalecerán de xeito directo sobre os instrumentos xa ditados, e os que estean en tramitación. Se fixa a competencia municipal para as licenzas, autorizacións e permisos necesarios, sen prexuízo doutras normas sectoriais. Se prevé tamén a reserva de espazos nas áreas empresariais para a canalización de enerxías renovables. Se habilita á declaración de utilidade pública e interese social destas infraestruturas na resolución administrativa que as autorice. Se dispoñen incentivos do alleamento de parcelas do IGVS e Xestur.

O título VI regula un sistema voluntario de créditos de carbono. O obxectivo é fomentar proxectos de absorción de carbono e reducir a emisión de gases de efecto invernadoiro. Para iso, os proxectos que poidan reducir as emisión ou absorber estes gases recibirán o recoñecemento en créditos de carbono susceptibles de comercialización. Esta terá lugar mediante unha plataforma de créditos de carbono que recollerá os proxectos de absorción, os créditos xerados e emitidos, e o rastrexo dos créditos para evitar a dobre conta. Se crea un comité técnico para mellorar o sistema e presentar propostas sobre metodoloxías. Se fomentará a participación neste sistema, e se poderá ter en conta nas convocatorias de axudas a proxectos susceptibles de absorber carbono.

O título VII se refire aos residuos biometanizables. A Comunidade Autónoma procurará a valorización de residuos con alto potencial de biometanización, con especial referencia aos de SOGAMA. Se prevé o establecemento de plans municipais de biometanización sobre a fracción de recollida selectiva de bioresiduos e a fracción resto, excluíndose neste último caso de forma preferente o depósito final en vertedoiro. O biogás obtido se utilizará en primeiro lugar para o autoconsumo de SOGAMA. Tamén se promoverá a valorización integral e conxunta de residuos municipais, da industria agropecuaria e alimentaria, habilitándose a SOGAMA para a contratación da obtención de biometano a partir dos mesmos.

A disposición adicional primeira establece a toma en consideración, na avaliación de impacto ambiental dos parques eólicos de competencia autonómica, os efectos sinérxicos dos parques xa existentes, en construción ou tramitación na súa área de influencia, que compartan infraestruturas. Se prohibe o fraccionamento dos proxectos para eludir a avaliación ambiental ordinaria. A Administración Autonómica promoverá a compartición das infraestruturas por ter así un menor impacto ambiental.

A disposición adicional segunda ten por obxecto axilizar a instalación de infraestruturas de recarga eléctrica e de hidróxeno de vehículos, declarándoas de

CVE: kX6FpqAfM0H1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

especial interese público e social de xeito que se poidan reducir os prazos da súa tramitación.

A disposición transitoria establece a continuación da tramitación das iniciativas empresariais prioritarias de proxectos de produción eléctrica eólica conforme á normativa de aplicación no momento, sen que se lles aplique a derrogación do artigo 42.2 da Lei 5/2017.

A disposición derrogatoria derroga o apartado 2 do artigo 42 da devandita Lei 5/2017, que regula a declaración de iniciativa empresarial prioritaria dos proxectos de produción eléctrica eólica que non se destine ao autoconsumo industrial.

A disposición derradeira primeira modifica a Lei 9/2021, eximindo do trámite de información pública ás infraestruturas eléctricas das estacións de recarga de vehículos.

A disposición derradeira segunda modifica a Lei 8/2009, esixindo a tramitación simultánea das autorizacións das liñas de evacuación e os parques eólicos, dispoñendo normas para racionalizar as liñas de evacuación e a súa compartición por distintas instalacións eólicas, limitando con carácter xeral a súa lonxitude a 15km, e engadindo unha nova disposición transitoria que permite a solicitude de autorización de liñas de evacuación para parques que xa estean en tramitación.

A disposición derradeira terceira establece dous beneficios fiscais. Modifica o Decreto Lexislativo 1/2011, establecendo unha nova dedución fiscal por adquisición de accións ou participacións en sociedades que realicen proxectos que promovan servizos ecosistémicos. A dedución da cota íntegra autonómica e do 20% das cantidades investidas no exercicio, sobre unha base máxima de 10000 euros por entidade. Tamén establece unha dedución do 1005 da cota do imposto que se devindique sobre a constitución ou transmisión de dereitos reais sobre inmobles necesarios para a implantación de instalacións de produción de enerxías renovables para o autoconsumo individual nas áreas empresariais de Galici.

A disposición derradeira cuarta autoriza ao Consello da Xunta a ditar disposicións regulamentarias que desenvolvan a lei.

A disposición derradeira quinta establece a súa entrada en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

CVE: kX6FpqAfM0H1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

4. ACERTO, OPORTUNIDADE E XUSTIFICACIÓN

Como se indicou anteriormente, o anteproxecto ten por obxecto a toma en consideración dos beneficios sociais e económicos de proxectos que fan uso dos recursos naturais no noso territorio, facilitando unha xestión máis respectuosa tanto co medio ambiente como coas poboacións que resultan inevitablemente afectadas polos mesmos.

Para poder levar a cabo medidas que equilibren e compensen o impacto ambiental con estes beneficios, resultan imprescindible unha norma na que se estableza de xeito claro os fins e obxectivos desta política, incluíndo ademais a concreción dos beneficios sociais e económicos que se procuran e un sistema de indicadores cuantitativos. Este é o obxecto do título preliminar da norma.

A posta en marcha de determinados proxectos no territorio, en especial aqueles que aproveitan recursos naturais mediante unha tecnoloxía avanzada, non só debe respectar estritamente as cautelas ambientais, senón que debe ir acompañada da adecuada valoración do seu impacto social e económico na medida en que poden representar unha grande oportunidade para acadar un desenvolvemento sustentable.

Por iso, regúlase no capítulo I do título primeiro desta lei, e dentro do procedemento de avaliación ambiental, a valoración integrada dos servizos ecosistémicos, dos beneficios sociais e económicos derivados da execución dos proxectos, así como dos compromisos adicionais que presenten os seus promotores para xerar beneficios sociais e económicos.

En calquera caso, constitúe un factor subxacente a necesidade de que as enerxías renovables produzan a maior parte das necesidades enerxéticas nos vindeiros anos. Este contexto provocou un importante volume de proxectos que fan uso dos recursos naturais, o que, ao mesmo tempo, provocou escepticismo ante unha poboación que non aprecia que o uso dos seus recursos ten unha repercusión clara nela.

Por ese motivo, no capítulo IV do título I regúlanse as determinacións específicas que teñen que cumprir os proxectos que fan uso dos recursos naturais, co fin de que

CVE: kX6FpqAfM0H1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

tales proxectos teñan unha repercusión e produzan beneficios sociais e económicos no territorio.

Unha lóxica similar se aplica ao canon da eólica mariña que se regula no título III. Tendo en conta a posibilidade de danos ambientais e económicos a sectores estratéxicos en Galicia, como son o sector pesqueiro e o turismo, cómpre gravar o impacto destas instalacións. O canon se estrutura de xeito similar ao xa existente para as instalacións de eólica terrestre, cubrindo tanto o impacto visual como medioambiental, e supoñendo un incentivo á utilización da mínima lonxitude de liña de evacuación viable, e ao seu soterramento.

Tendo en conta as competencias estatais nesta materia, se encarga á Administración autonómica nas súas relacións institucionais co Estado de promover que se teñan en conta a cohesión social e económica e os beneficios sociais e económicos dos proxectos de eólica mariña.

En relación coa mobilidade, a Comisión Europea fixou un obxectivo de redución de emisións de CO2 para os automóbiles do 37,5% en 2030 respecto a 2021, polo que prevé que para 2030 o 40% do mercado de automóbiles debe ser electrificado e estima unha proporción dun 70% de eléctricos puros e un 30% de híbridos enchufables nese 40% de mercado. Aínda que a Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética, recolle unha serie de supostos nos cales será obrigatorio contar cunha infraestrutura de recarga eléctrica, non se prevé que poida afectar un gran número de estacións de servizo en Galicia, máis alá dalgunhas próximas a vías de alta capacidade e núcleos urbanos.

Ao anterior hai que engadir que o Real decreto lei 29/2021, do 21 de decembro, polo que se adoptan medidas urxentes no ámbito enerxético para o fomento da mobilidade eléctrica, o autoconsumo e o despregamento de enerxías renovables, recolleu a obriga de dispoñer, antes do 1 de xaneiro de 2023, de infraestrutura de recarga para vehículos eléctricos nos edificios existentes de uso distinto ao residencial privado que dispoñan de zona de aparcamento con máis de vinte prazas. Porén, vendo a necesidade dun impulso autonómico neste sentido, regúlase a aceleración na tramitación administrativa das instalacións de recarga e as extensións ou reforzos necesarios que comporten as ditas instalacións.

Os cambios que se están a manifestar no sistema produtivo, que debe ter en conta tanto as necesidades económicas como medioambientais para ser realmente sustentable, non poden levarse a cabo só pola Administración Pública, senón que se require ademais a participación privada. Dentro da labor de fomento do sector

CVE: kX6FpqAfM0H1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

público, corresponde o apoio ás sociedades que inclúan nos seus fins a valorización dos recursos estratéxicos galegos, canalizando o seu valor a todo o tecido socioeconómico de Galicia, e en particular ás comunidades locais que soportan os seus custos ambientais.

Por iso, se habilita ao sector público a participar nestas sociedades, promovendo a presenza no seu capital de entidades públicas ou privadas representativas da sociedade galega, e de pequenos inversores das comunidades directamente afectadas.

Para contribuír ao fomento de proxectos que compartan a finalidade desta norma, se prevén tamén unha serie de instrumentos de financiamento que permiten ao sector público, directamente ou mediante as sociedades anteriores, facilitar a súa viabilidade. Estes mecanismos inclúen tanto préstamos como subvencións, deducións fiscais, titulización ou asistencia técnica, abrindo un amplo marco de actuación que permita elixir o mecanismo máis axeitado en cada caso. Este é o obxecto do título II.

Por outra parte, outro dos ámbitos en que as administracións públicas deben adoptar iniciativas decididas en favor dun desenvolvemento do territorio que leve asociados beneficios ambientais e sociais debe ser a recuperación do territorio afectado polos incendios forestais. Unha vez que se produce un incendio forestal de especial envergadura, vense afectados tanto os valores ambientais da zona en que se produce como as posibilidades de que a poboación desenvolva actividades económicas nos seguintes anos, ata que se produce unha rexeneración dos recursos naturais.

Co fin de acadar os obxectivos indicados, cobra unha especial importancia que as administracións públicas busquen vías de colaboración entre e o sector público e privado, mediante o establecemento de planificacións e actuacións de mellora que permitan a participación de toda a sociedade. Desta forma, acadarase unha maior adecuación na recuperación do territorio ás necesidades da sociedade e garantirase o compromiso de todos os axentes na execución das medidas executadas, contribuíndo a manter unha adecuada xestión do territorio, mantendo a actividade económica asociada a el, así como fomentando a recuperación dos seus valores ambientais no menor prazo de tempo posible.

As normas contidas no Titulo Quinto desta lei, no que se regulan as medidas de fomento do autoconsumo baseado en enerxías renovables nas áreas empresariais de Galicia, teñen como obxectivo fomentar a implantación de instalacións ou

CVE: kX6FpqAfM0H1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

infraestruturas que contribúan ao autoconsumo, eficiencia enerxética e sostibilidade das empresas instaladas en parques empresariais da Comunidade Autónoma, favorecendo o impacto social, económico e ambiental destas modalidades de xeración de enerxía, así como a existencia de alternativas de subministro de proximidade para as empresas e consumidores finais e a súa participación activa no seu abastecemento enerxético.

Para conseguir o obxectivo antes citado, estas normas tratan de eliminar ou reducir, na medida do posible, as limitacións ou restricións de carácter urbanístico que puideran dificultar a implantación destas infraestruturas nas areas empresariais, sen vulnerar as competencias municipais en materia de licenzas, pero creando un marco normativo que estableza os criterios básicos para favorecer a implantación daquelas. Por tanto, non se trataría dunha norma que, con carácter xeral, impoña obrigas, limitacións ou prohibicións ás empresas, senón, polo contrario, que posibilite que estas poidan implantar estas instalacións ou infraestruturas coa finalidade de conseguir una maior eficiencia enerxética na súa actividade, que ademais repercutiría nunha maior sostibilidade ambiental da actividade da empresa en particular, e das areas empresariais en xeral.

No marco da estratexia de transición cara á neutralidade carbónica, as administracións públicas deben fomentar o desenvolvemento sustentable do territorio, impulsando aqueles proxectos que contribúan a absorber carbono como medida para compensar as emisións de gases de efecto invernadoiro que se producen noutras actividades.

Neste ámbito, está a medrar o interese por parte do sector privado na execución de proxectos no territorio que maximicen a dita absorción de carbono e que lle permitan, ben sexa compensar emisións de dióxido de carbono derivadas doutras actividades, ou ben vender os créditos de carbono xerados a outros axentes interesados en realizar a dita compensación.

No que se refire ao tratamento de residuos, o anteproxecto pretende un mellor aproveitamento do seu potencial para a produción de biogás. Mediante a biometanización dos residuos de alto potencial, en especial aqueles da fracción de bioresiduos municipais, se pode mellorar o propio tratamento, convertendo o que podía supoñer un problema nunha fonte de enerxía, que ademais axuda á autosubministración dos procesos de SOGAMA que a requiran.

Tamén se fomenta a participación de municipios e das industrias agropecuaria e alimentaria no tratamento máis sustentable dos residuos, contribuíndo deste xeito

CVE: kX6FpqAfM0H1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

á sustentabilidade, optándose por solucións de estabilización que eviten o depósito en vertedoiros e que poidan xerar valor para a sociedade, tal como suxiren os principios da denominada economía circular.

Por tanto, que o texto do anteproxecto é acertado, oportuno, e xustificado ás necesidades de Galicia.

Todo o cal se informa para os efectos do disposto no artigo 7.1 do Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia, aprobado polo Decreto 111/1984, do 25 de maio.

En Santiago de Compostela, na data de sinatura electrónica

David Picón Álvarez

Xefe do Servizo de Calidade e Apoio Normativo

Asinado por: PICON ALVAREZ, DAVID
Cargo: Xefe de servizo de Calidade e Apoio Normativo
Data e hora: 12/05/2023 12:57:08

CVE: kX6FpqAfM0H1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

XUNTA DE GALICIA

DIEGO CALVO POUSO, VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICA:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día once de maio de dous mil vinte e tres adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

"Autorizar o inicio do trámite de información pública do Anteproxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia".

E para que conste, asina a presente co visto e prace do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela a once de maio de dous mil vinte e tres.

Vº. e Prace
O PRESIDENTE

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

María José García Sexto, directora da Área de Administración Dixital na Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia,

CERTIFICO:

Que durante o período comprendido entre o 12/05/2023 e o 06/06/2023 (en cumprimento do disposto no artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno) se expuxo publicamente na fase "En prazo de envío de suxestións" do portal de Transparencia e Goberno aberto o texto íntegro do seguinte proxecto:

> Anteproxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia

Para este proxecto recibíronse 259 suxestións a través do formulario dispoñible no propio portal de Transparencia e Goberno aberto.

E para que así conste, aos efectos oportunos, asino a presente certificación en Santiago de Compostela.

A directora da Área de Administración Dixital

María José García Sexto

Asinado por: GARCIA SEXTO, MARIA JOSE
Cargo: Directora de Área
Data e hora: 13/06/2023 08:31:18

CVE: I6wvnU735QC1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

VI. ANUNCIOS

A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

ANUNCIO do 11 de maio de 2023, da Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, da exposición pública do anteproxecto de Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.

Para dar cumprimento ao disposto no artigo 7 do Decreto 111/1984, do 25 de maio, polo que se aproba o Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación pon á disposición pública o anteproxecto de Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.

O texto do anteproxecto de lei poderase consultar no Portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia, na seguinte ligazón: https://transparencia.xunta.gal/tema/informacion-de-relevancia-xuridica/normativa-en-tramitacion/en-prazo-de-envio-de-suxestions

As organizacións, as asociacións e a cidadanía, en xeral, poden facer as proposicións, as suxestións ou as recomendacións que consideren oportunas a este anteproxecto de lei ata o 6 de xuño de 2023.

As referidas proposicións, suxestións ou recomendacións poderán realizarse a través do formulario disposto para este fin na ligazón do portal indicado. Así mesmo, poderán presentarse nas formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2023

Pablo Casal Espido
Secretario xeral técnico da Vicepresidencia Primeira
e Consellería de Economía, Industria e Innovación

CVE-DOG: vjpfmki9-fjx6-zxu2-egn9-mcab6bpzy7i7

AVALIACIÓN DO IMPACTO DEMOGRÁFICO DA LEI DE BENEFICIOS SOCIAIS E ECONÓMICOS DOS PROXECTOS QUE UTILIZAN OS RECURSOS NATURAIS EN GALICIA.....

CENTRO EXECUTOR DA NORMATIVA: Consellería de Economía, Industria e Innovación, Secretaría Xeral Técnica

ÓRGANO AO QUE SE DIRIXE: CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL, DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA

1. FUNDAMENTACIÓN E OBXECTO DO INFORME

   a. **Título da acción:** AVALIACIÓN DO IMPACTO DEMOGRÁFICO DA LEI DE BENEFICIOS SOCIAIS E ECONÓMICOS DOS PROXECTOS QUE UTILIZAN OS RECURSOS NATURAIS EN GALICIA

   b. **Fundamentación**: *LEI 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia.* (DOG Núm. 26; Martes, 9 de febreiro de 2021), que obriga, no seu artigo 8.1, a que "nos procedementos de elaboración de proxectos de lei e decretos, así como de documentos de planificación sectorial que tramite a Administración autonómica, deberá darse traslado do texto proxectado, xunto cunha análise do seu impacto demográfico, ao órgano de dirección con competencias en materia de dinamización demográfica, concedéndolle un prazo de dez días hábiles para a formulación, se é o caso, das observacións que considere procedentes nesta materia". No apartado 2 deste mesmo artigo deixase establecido que "o órgano de dirección con competencias en materia de dinamización demográfica proporcionará directrices, criterios e metodoloxías para facilitar a elaboración da análise prevista no número 1".

2. GRAO DE CUMPRIMENTO E RESULTADO DA AVALIACIÓN
   En tanto que a acción avaliada incide no impulso demográfico a avaliación é:

   Positiva ☒
   Negativa ☐
   Neutra ☐

3. MARCO DE APLICACIÓN.- (indique a que ámbitos, normas e accións afectan as medidas a avaliar por cada un dos eixos nos que se fixo a avaliación).

   - EIXO 1. INCIDE NA ADAPTACIÓN AO CAMBIO PORQUE:

   - EIXO 2. INCIDE NAS DINÁMICAS FAMILIARES E:

   - EIXO 3. INCIDE NO TERRITORIO PORQUE:

CVE: vwO3zlxZM2F3
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- EIXO 4. INCIDE NA MOBILIDADE DA POBOACIÓN PORQUE:

- EIXO 5. INCIDE NA DINÁMICA ECONÓMICA NA MEDIDA EN QUE:

- EIXO 6. INCIDE NA FORMACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA DEXEITO QUE:

- EIXO 7. INCIDE NO BENESTAR E SAÚDE DE MANEIRA QUE:

FICHA PARA A ANÁLISE DO IMPACTO DEMOGRÁFICO	Nunca Semp					Non proc.
A actuación que se pretende levar a cabo....	**1**	**2**	**3**	**4**	**5**	
...INCIDE NA ADAPTACIÓN AO CAMBIO PORQUE						
Presenta os datos desagregados por sexo?						X
Observa se a medida ten distinta incidencia sobre as mulleres e sobre os homes ?						X
Promove a asunción do significado do cambio demográfico?						X
Afonda nas implicacións do cambio demográfico no eido familiar, nos roles de xénero, nos cambios culturais e nosistema produtivo?						X
Alenta medidas e políticas estables que favorecen aimplicación da sociedade na abordaxe do cambio demográfico?						X
Prevé traballo conxunto coas institucións académicas e científicas para mellorar a gobernanza e xestionar o cambio demográfico?						X
Reforza a coordinación inter e intra administrativa no deseño de políticas demográficas?						X
Ten en conta políticas de impulso demográfico de forma coordinada con outros niveis de goberno?						X
Promove unha educación en igualdade?						X
Fai mención expresa aos obxectivos de impulso demográfico?				X		
Deslinda a análise do envellecemento da análise da lonxevidade?						X
A medida potencia que cada persoa viva de forma óptima a súa maneira de envellecer?						X
Atende á complexidade do que significa ser maior nun escenario de prolongación da vida ata idades cada vez máis avanzadas?						X
Introduce políticas de igualdade para a dinamización demográfica?						X
Adecúa o gasto público á estrutura demográfica?						X

CVE: vwO3zlxZM2F3
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Incorpora á cidadanía na estratexia de crecemento intelixente?						X
Incide no tratamento integral e multidisciplinar dos servizos públicos de educación, vivenda, transporte, sanidade e atención á dependencia?						X
Promove a educación e a formación para a autonomía en todas as idades?						X
Impulsa a transición entre formación e emprego?				X		
Estimula o emprendemento e a cultura innovadora en contacto con outros ámbitos como o empresarial, a administración ou a universidade?				X		
Traballa no eido educativo e no espazo público aspectos relacionados coa cooperación, voluntariado ou asociacionismo?						X
Potencia a colaboración cos medios de comunicación social que actúan no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia para a transferencia á cidadanía do coñecemento en materia demográfica?						X

	Nunca Semp.					Non Proc.
A actuación que se pretende levar a cabo....	1	2	3	4	5	
... INCIDE NAS DINÁMICAS FAMILIARES E						
Favorece o libre exercicio do dereito á reprodución?						X
Avanza na creación de contornas favorables para o libre desenvolvemento dos proxectos familiares?				X		
Permite unha conciliación corresponsable da vida laboral, persoal e familiar?						X
Potencia ou desenvolve servizos que permiten combinar os coidados dentro e fóra do fogar?						X
Favorece a permanencia das persoas maiores na súa contorna cunha atención personalizada						X
Facilita a visibilización do traballo reprodutivo en termos de sostemento da vida e de benestar?						X
Contempla a asunción equilibrada de responsabilidades domésticas e de coidados?						X
Favorece a superación de estereotipos de xénero?						X
Permite reforzar a contorna social e económica das familias en situación de vulnerabilidade con menores ao seu cargo?						X
Está orientada a elevar a renda das persoas con menor poder adquisitivo?				X		
Axuda a recoñecer a lonxevidade como un éxito social e persoal?						X
Considera o progresivo retraso na "vellez" dentro do ciclo vital atendendo á funcionalidade física e mental das persoas?						X
Aposta polo establecemento dunha sociedade para todas as idades favorecendo o envellecemento activo e a solidariedade entre xeracións?						X

CVE: vwO3zlxZM2F3
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Permite visibilizar o papel das persoas maiores como motor do cambio e a súa contribución ao benestar familiar e social promovendo a súa autonomía?						X
Alenta a participación comunitaria no deseño de plans de actuación de envellecemento saudable?						X
Permite visualizar a potencialidade do envellecemento activo e saudable na xeración de actividade económica e benestar?						X

	Nunca Semp.					Non proc.
A actuación que se pretende levar a cabo....	1	2	3	4	5	
... INCIDE NO TERRITORIO DE XEITO QUE						
Potencia a accesibilidade a bases de datos actualizados en materia de poboación e demografía?						X
Axuda a conquerir unha axenda integrada de transformación económica territorial baseada na I+D+I?					X	
Aproveita algún programa europeo ou calquera outro para ofrecer liñas de axuda e financiamento para desenvolver a I+D+i?				X		
Engade o recoñecemento da responsablidade territorial como elemento diferencial da Responsabilidade Social Corporativa das empresas?					X	
Permite corrixir a desarticulación ambiental derivada do actual modelo de conurbación difusa?						X
Establece pautas espaciais de asentamento das actividades que, baixo unha perspectiva de sustentabilidade, propicien a cohesión social e o equilibro territorial?				X		
Nas accións de contratación pública ten en conta os principios de desenvolvemento social, económico e ambiental sustentable?						X
Incorpora algunha medida para concienciar da preservación da contorna e do patrimonio natural?					X	
Impulsa accións para alcanzar cidades e territorios amigables con tódalas idades?						X
Impulsa medidas e iniciativas dirixidas a promover a identidade de quen vive no medio rural, costeiro non urbano ou urbano?						X
Impulsa un desenvolvemento urbano sustentable integrado que favoreza a habitalidade?						X
Permite limitar os efectos da pegada ecolóxica?					X	
Contribúe a artellar un sistema integrado de transporte intermodal?						X
Permite unha ordenación integral do territorio e dos usos do solo adaptada á realidade actual do medio rural, costeiro non urbano ou urbano?				X		
Desenvolve fórmulas de reestruturación da propiedade e os usos da terra?						X
Promove un acceso axeitado aos servizos para a poboación e as empresas?						X
Contempla unha planificación acorde coa estratexia galega de infraestrutura verde e conectividade?						X

CVE: vwO3zlxZM2F3
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Promove algunha acción na liña do aproveitamento multifuncional do monte acorde coas súas aptitudes produtivas?				X		
Permite reforzar as cabeceiras comarcais como polos de actividade económica, de servizos e de equipamentos?						X
Fortalece os servizos públicos e os sistemas de transporte integrado para facilitar a mobilidade interxurisdiccional das áreas funcionais?						X
Incide na planificación integrada e transversal de servizos (educación, sanidade, transporte, vivenda, dependencia...)?						X
Potencia algunha sinerxía sustentable entre a administración autonómica, a universidade o terceiro sector, a empresa e a sociedade?					X	
Garante un acceso universal, rápido e seguro á tecnoloxía dixital?						X
Promove o uso das novas tecnoloxías para a transferencia e a comercialización de produtos?						X
Potencia a identificación da imaxe de Galicia coa calidade dos produtos?						X
Contempla accións para liderar un plan de transición enerxética na liña da "Axenda 2030" para o desenvolvemento sustentable?					X	
Facilita o acceso á vivenda en aluguer ou en compra?						X
Incorpora criterios de valoración positiva para a poboación moza nas axudas para o acceso á primeira vivenda?						X
Impulsa a oferta pública de vivendas?						X
Permite incrementar o parque de vivendas a través da rehabilitación?						X
Promove un plan director de conservación patrimonial, promoción e dinamización de actividades turísticas no mundo rural?						X
Impulsa medidas de apoio a empresas dedicadas ao patrimonio cultural?						X
Potencia o desenvolvemento de actividades ecolóxicas e sustentables que aproveiten os recursos culturais e patrimoniais?				X		

	Nunca Semp.					Non Proc.
A actuación que se pretende levar a cabo....	1	2	3	4	5	
... INCIDE NA MOBILIDADE DA POBOACIÓN XA QUE						
Impulsa o coñecemento da emigración galega nas súas diversas etapas e destinos?						X
Presta atención á significación das migracións interiores, pasadas e actuais, na propia Galicia?						X
Preocúpase de coñecer os custes persoais e sociais da "Galicia emigrante"?						X
Contribúe a afianzar os contactos coas comunidades de emigrantes?						X
Fomenta as potencialidades da "Galicia exterior" na proxección exterior de Galicia?						X

CVE: vwO3zlxZM2F3
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Desenvolve algunha estratexia dirixida ao retorno de emigrantes e dos seus descendentes?						X
Contribúe á retención e captación do talento?						X
Incorpora campañas de sensibilización para dar a coñecer os efectos positivos da inmigración?						X
Amplía a información, orientación e asesoramento aos inmigrantes nos ámbitos xurídicos, sociais, educativos e laborais para facilitar a súa integración?						X
Desenvolve campañas de sensibilización para fomentar a integración das persoas inmigrantes desde a perspectiva datolerancia e o respecto á diversidade?						X
Consolida canles de acollida para persoas refuxiadas?						X
Conta con algún programa de difusión das posibilidades do mercado laboral galego?						X
Recolle algún programa de acompañamento aos inmigrantes ou retornados?						X
Mide o impacto que teñen as políticas sobre os retornados que aplica a administración autonómica?						X

	Nunca Semp.					Non proc.
A actuación que se pretende levar a cabo....	1	2	3	4	5	
... INCIDE NA DINÁMICA ECONÓMICA NA MEDIDA EN QUE						
Potencia as sinerxías entre distintos organismos ou políticas públicas?			X			
Potencia o coñecemento do impacto sociolaboral do cambio demográfico?						X
Introduce algún cálculo ou contabilización do traballo reprodutivo en termos económicos e/ou de sostemento devida?						X
Aporta algún avance na estratexia galega de especialización dixital?						X
Prima a innovación nas zonas de actuación prioritarias?						X
Facilita a interacción entre os axentes do sistema de innovación e difusión de coñecemento?						X
Alenta o desenvolvemento de plans de identificación e promoción de produtos endóxenos?						X
Impulsa a innovación e a tecnoloxía para favorecer o desenvolvemento do tecido agroindustrial ou pesqueiro?				X		
Ten en conta a posta en valor de subprodutos e residuos que poidan derivar en produtos de alto valor engadido?						X
Fomenta o turismo sostible e inclusivo?						X

CVE: vwO3zlxZM2F3
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

É compatible co aproveitamento dos recursos naturais e patrimoniais?					X	
Prevé apoio, financiamento ou asesoramento a actividades de PEMES ou autónomos?						X
Contempla incentivos para a internacionalización do tecido produtivo galego a través das novas tecnoloxías?						X
Incide na dinamización industrial de Galicia?					X	
Fomenta iniciativas emprendedoras dende o sistema educativo?						X
Potencia o estudo en materia demográfica?						X
Fomenta a formación no ámbito educativo en relación co cambio demográfico ou a igualdade de xénero?						X
Promove a incorporación da mocidade, desempregados ou retornados no mercado laboral?						X
Contempla políticas activas de emprego que permitan a transición entre a formación e o emprego?						X
Incorpora plans ou medidas de formación orientada ás necesidades do mercado de traballo e ás potencialidades do territorio?				X		
Desenvolve algún programa cultural, educativo ou lingüístico que reforce os vínculos coa Comunidade dos residentes no terior?						X
Contempla algún programa ou acción para facilitar proceso de retorno?						X

	Nunca Sem.					**Non proc.**
A actuación que se pretende levar a cabo....	**1**	**2**	**3**	**4**	**5**	
... INCIDE NA FORMACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA DE XEITO QUE						
Contén plans ou programas de alfabetización dixital que faciliten un envellecemento activo e saludable?						
Promove unha formación adaptada ás necesidades do mercado laboral?				X		
Contribúe a mellorar a calidade do emprego ofrecido á mocidade para favorecer o desenvolvemento dos seus proxectos vitais?				X		
Fomenta a formación no ámbito educativo en relación co cambio demográfico ou a igualdade de xénero?						X
Fomenta o investimento en I+D+i das empresas e uso das TICs?						X
Desenvolve algunha estratexia para eliminar a fenda dixital - social e xeograficamente- co fin de garantir o acceso da poboación ás TICs e á administración electrónica?						X
Inclúe programas de axuda para xestionar os avances tecnolóxicos no campo da robótica, intelixencia artificial, computación na nube, impresión 3D, tecnoloxía 5G, etc.?						X
Potencia o papel conector dos Hubs de innovación dixital?						X
Contempla algunha acción de orientación e apoio para a incorporación do alumnado estranxeiro no sistema educativo?						X

CVE: vwO3zlxZM2F3
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Realiza algún programa conxunto coa administración local en materia de educación e política social para a atención ás persoas retornadas e estranxeiras que chegan a Galicia?						X
Promove unha oferta da Formación Profesional dual acorde coas necesidades e/ou potencialidades do mercado laboral?				X		
Desenvolve algún programa de formación e emprego relacionado						x
cos servicios asistenciais?						
Prevé algunha medida para ampliar as infraestruturas e o transporte que dan o acceso aos servizos básicos?				X		

	Nunca Semp.					Non proc.
A actuación que se pretende levar a cabo....	1	2	3	4	5	
... INCIDE NO BENESTAR E SAÚDE DE MANEIRA QUE						
Contempla medidas para orientar a estrutura da prestación de servizos sanitarios ás necesidades das persoas usuarias, con especial atención á cronicidade?						X
Fomenta o desenvolvemento dos recursos residenciais para atención das persoas dependentes ou con discapacidade?						X
Reforza a asistencia preventiva e a promoción da autonomía persoal, especialmente no ámbito rural?						X
Ten como obxectivo a prevención e atención á soidade non desexada?						X
Potencia a permanencia no fogar das persoas maiores?						X
Potencia a teleasistencia e o tratamento a domicilio apoiado na medicina das 4P: personalizada, preventiva, de precisión e participativa?						X
Presta atención ás diferencias sociais e educativas no deseño de estratexias de envellecemento activo e saudable?						X
Alenta a investigación e implantación de novas formas de prestación de servizos amparada nas novas tecnoloxías?						X
Prevé algún sistema de innovación social que posibilite a mellora na eficiencia da prestación dos servizos sanitarios e sociais?						X
Avanza no impulso para a creación dunha plataforma sociosanitaria única de axuda ás persoas?						X
Establece algunha colaboración multinivel para primar a coordinación dos servizos sociosanitarios?						X
Desenvolve algún sistema integrado de intercambio de información sociosanitaria intra e interadministracións?						X

Santiago de Compostela, na data indicada na marxe

O secretario xeral técnico
Pablo Casal Espido

Asinado por: CASAL ESPIDO, PABLO
Cargo: Secretario Xeral Técnico
Data e hora: 21/06/2023 09:17:02

CVE: vwO3zlxZM2F3
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

OBSERVACIÓNS Á ANÁLISE DE IMPACTO DEMOGRÁFICO DO ANTEPROXECTO DE LEI DE PROMOCIÓN DOS BENEFICIOS SOCIAIS E ECONÓMICOS DOS PROXECTOS QUE UTILIZAN OS RECURSOS NATURAIS DE GALICIA

Solicitante: Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

Expediente: 2023/23

FEITOS

A Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, remite o día 21 de xuño do 2023, a esta Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Xuventude o Anteproxecto de Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1.PERTINENCIA DA ANÁLISE DE IMPACTO DEMOGRÁFICO.

Segundo o disposto no artigo 8.1 da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, nos procedementos de elaboración de proxectos de lei e decretos, así como de documentos de planificación sectorial que tramite a Administración autonómica, deberá darse traslado do texto proxectado, xunto cunha análise do seu impacto demográfico, ao órgano de dirección con competencias en materia de dinamización demográfica, concedéndolle un prazo de dez días hábiles para a formulación, se é o caso, das observacións que considere procedentes nesta materia.

Así mesmo, o apartado 9º do artigo 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, engadido pola Disposición Derradeira Segunda da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, establece que todos os proxectos de decreto serán remitidos, xunto cunha análise do seu impacto demográfico, ao órgano de dirección competente en materia de dinamización demográfica, para os efectos previstos no artigo 8 da Lei de impulso demográfico de Galicia.

Por outra banda, o Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, recolle no seu artigo 13.1 c, que lle corresponde á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica , como órgano de dirección da consellería, a función de exercer as políticas destinadas a favorecer e impulsar o crecemento demográfico, a renovación xeracional e a reverter o envellecemento poboacional.

Complexo San Caetano – Edificio 8 B
T. +34 981 544 655
dxfamiilia.politicasocial@xunta.gal
www.xunta.gal

Asinado por: REY SASTRE, JACOBO JOSE
Cargo: Director Xeral
Data e hora: 28/06/2023 13:10:07

CVE: Nz6hUCKsZgF4
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

2. OBSERVACIÓNS EN CANTO A AVALIACIÓN DO IMPACTO DEMOGRÁFICO.

O artigo 3 e) da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, define o impacto demográfico como a identificación e valoración dos diferentes efectos e resultados dunha norma ou dunha política pública no comportamento da poboación, co obxecto de neutralizar posibles efectos que dificulten ou impidan o impulso demográfico, definindo este no apartado c) como o conxunto de medidas dirixidas ao desenvolvemento sustentable e ao logro do equilibrio territorial e social, de modo que se creen contornos favorables para o asentamento da poboación, o desenvolvemento saudable e o benestar da infancia e unha libre realización dos proxectos vitais que permita cumprir as expectativas e os desexos da poboación de poder formar unha familia e aproxime a fecundidade á media da Unión Europea, que promova o envellecemento activo e saudable e que facilite o retorno das galegas e dos galegos residentes no exterior e a atracción de nova poboación ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Na avaliación que acompaña ao anteproxecto de lei, establécese, que o impacto demográfico da norma é positivo, xa que impulsa a transición entre a formación e o emprego, estimula o emprendemento e a cultura innovadora en contacto con outros ámbitos como o empresarial, a administración ou a universidade, avanza na creación de contornas favorables para o libre desenvolvemento dos proxectos familiares e engade o recoñecemento da responsabilidade territorial como elemento diferencial da responsabilidade social e corporativa das empresas, entre outras.

Unha vez analizados o anteproxecto de lei, e a avaliación que o acompaña, obsérvase, que a norma vén promover o desenvolvemento sustentable do territorio galego e para elo crea e regula, entre outros, un canón ás liñas de eólica mariña pola parte que se estende dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, o fomento de proxectos de autoconsumo baseados en enerxías renovables nas áreas empresariais ou a valorización integral de residuos con alto potencial de biometanización pola sociedade pública Sociedade Galega do Medio Ambiente.

Valórase positivamente a regulación de medidas para a recuperación integral das zonas do territorio afectadas polos incendios forestais e o establecemento e a implantación de paisaxes cortalumes en áreas estratéxicas e o impulso da diversificación das masas forestais e da silvicultura preventiva así como a constitución dun fondo para a recuperación do territorio afectado.

Tamén se considera positivo, que se fomente a implantación de proxectos de autoconsumo baseados en enerxías renovables en áreas empresariais, co que se favorece o impacto social, económico e ambiental destas modalidades de xestión de enerxía, que ten como efecto secundario a mellora paisaxística ao verse reducido o número de infraestruturas relacionadas co transporte da mesma, xa que esta se produce e se consume no mesmo lugar. Outro dos efectos positivos que leva aparellado o fomento deste tipo de enerxía é, o de reducir o consumo de combustibles fósiles, que reduce considerablemente a contaminación atmosférica e polo tanto mellora a calidade do aire, cos efectos positivos que isto ten na saúde da poboación e na súa calidade de vida.

Asinado por: REY SASTRE, JACOBO JOSE
Cargo: Director Xeral
Data e hora: 28/06/2023 13:10:07

CVE: Nz6hUCKsZgF4
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Outro dos conceptos que se introduce na norma, é a valorización do servizos ecosistémicos, que son definidos como aqueles beneficios económicos, sociais e ambientais que as persoas obteñen do bo funcionamento dos ecosistemas, que permiten loitar contra o despoboamento, a degradación dos espazos naturais e o mantemento do potencial de loita contra os efectos do cambio climático que ten o medio rural, tal como se recolle na exposición de motivos, así como os efectos directos que ten sobre as oportunidades laborais que xorden en relación a aspectos vinculados coa recuperación do monte, ou coa implantación das enerxías renovables.

Tamén se considera relevante, á hora da fixación de poboación nas zonas costeiras, que se estableza un canon ás infraestruturas necesarias para a evacuación da eólica mariña, polos impactos visuais e ambientais das mesmas, xa que veñen a contrarrestar os efectos negativos deste tipo de infraestruturas.

Por tanto, o impacto demográfico da norma é positivo, polos efectos para fixar poboación no rural ofrendo novas oportunidades laborais e valorizando os beneficios que os servizos ecosistémicos teñen sobre a calidade de vida e a economía.

Santiago de Compostela
O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica
Jacobo Rey Sastre

(documento asinado dixitalmente)

Asinado por: REY SASTRE, JACOBO JOSE
Cargo: Director Xeral
Data e hora: 28/06/2023 13:10:07

CVE: Nz6hUCKsZgF4
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

O 21 de xuño de 2023 tivo entrada na Dirección Xeral de Simplificación Administrativa (DXSA) un escrito da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación (actual Consellería de Economía, Industria e Innovación) mediante o que se solicita a este centro directivo a emisión de informe en relación co anteproxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia. O devandito escrito viña acompañado dunha memoria funcional, unha memoria económica, unha memoria económica complementaria e unha táboa de vixencias.

Atendendo á solicitude formulada, tendo en conta o disposto no artigo 7.2 do Decreto 111/1984, do 25 de maio, polo que se aproba o Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia, e en base ás competencias que lle confire o artigo 25 do Decreto 113/2022, do 16 de xuño, polo que establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública (DOG núm. 120, do 23 de xuño), a DXSA emite o seguinte:

INFORME

PRIMEIRO. Constitúen os fins deste anteproxecto de lei que se somete a informe o impulso do desenvolvemento racional e sustentable do territorio de Galicia, mediante a xestión responsable dos recursos naturais e a protección do ambiente, de forma conciliada co desenvolvemento social e económico e procurando a cohesión territorial; a cohesión social e a mellora da calidade de vida da poboación de Galicia; así como o desenvolvemento equilibrado dos sectores e actividades comprendidos no seu ámbito de aplicación.

SEGUNDO. Na memoria funcional que acompaña o texto do anteproxecto faise referencia a que tivo lugar un anuncio no Portal de transparencia no

CONSELLERÍA DE FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: gEmrfBK56K1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

que se recolleu a autorización para a tramitación, así como os seus obxectos e fins, e que se prevé a participación da cidadanía en futuros trámites.

Na exposición de motivos do anteproxecto de lei indícase que na súa tramitación observáronse todas as garantías exixidas pola lexislación vixente en materia de participación pública, promovendo unha participación pública real e efectiva ao longo de todo o procedemento de tramitación.

Neste senso, consta a apertura de prazo para presentar suxestións por parte da cidadanía, o cal rematou o 6 de xuño de 2023, cun total de 259 suxestións recibidas.

En consecuencia, cúmprese debidamente co principio de participación cidadá.

Ademais, sinálase que esta iniciativa normativa se axusta aos principios de boa regulación contidos no artigo 37 a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico. Tamén se motivan os devanditos principios na memoria funcional.

TERCEIRO. Este anteproxecto consta de 64 artigos, agrupados nun título preliminar e sete títulos, catro disposicións adicionais, unha transitoria, unha derrogatoria e cinco derradeiras.

O título preliminar abrangue os artigos 1 a 6, e contén as disposicións xerais. Divídese en dous capítulos, referidos, respectivamente, ao obxecto e fins da lei, e aos beneficios sociais e económicos.

En particular, desenvolve o concepto dos beneficios sociais e económicos dos proxectos para estes efectos e permite que a Administración autonómica poida desenvolver e aplicar indicadores cuantitativos que,

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: gEmrifBK56K1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

conforme as metodoloxías internacionalmente aceptadas para tal fin, permitan a valoración do impacto social e económico dos proxectos.

Pola súa banda, o artigo 6 recolle a prohibición de discriminación, no senso de que en ningún caso a consideración dos beneficios sociais e económicos dos proxectos poderán implicar a imposición de condicións nin requisitos que teñan como efecto directo ou indirecto a discriminación por razón de establecemento ou residencia dos operadores económicos.

O título I, relativo á valoración dos beneficios sociais e económicos de determinados proxectos, comprende os artigos 7 a 20 e está formado por cinco capítulos nos que se establece a identificación dos proxectos, a integración da valoración do impacto social e económico na avaliación de impacto ambiental, a valoración do impacto social e económico nos proxectos non sometidos a avaliación de impacto ambiental, a valoración do impacto social e económico dos proxectos nos que a competencia para a súa autorización non sexa da Comunidade Autónoma, e determinacións específicas, en concreto, respecto dos proxectos de produción de enerxía a partir de fontes renovables; proxectos que requiren da concesión de augas; e en relación cos dereitos, concesións mineiras e proxectos de explotación mineiros.

O título II determínase nos artigos 21 a 29, e está composto por dous capítulos, referidos á participación en sociedades que teñan obxectivos compatibles cos previstos pola lei, e aos instrumentos de financiamento.

Esta regulación ten en conta que os proxectos que empregan recursos naturais de forma sustentable requiren, con frecuencia, elevados investimentos para deseñar, tramitar e instalar as infraestruturas

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: gEmrfBK56K1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

necesarias coas garantías precisas, así como longos períodos de tempo para recuperar o capital investido.

Así, ante a posibilidade de que que que o desenvolvemento de proxectos sustentables resulte insuficiente e con presenza limitada de participantes locais en favor de grandes empresas que dispoñen de acceso aos recursos financeiros precisos, ponse de manifesto a necesidade de articular instrumentos de apoio, que poderán ser directos (mediante a promoción de certos proxectos relevantes por parte de sociedades público-privadas) e indirectos (a través de instrumentos financeiros tales como subvencións de capital, outro tipo de subvencións e bonificacións, instrumentos de capital ou de cuasicapital, participacións de capital, préstamos participativos, créditos, préstamos e garantías, deducións fiscais ao investimento, préstamos subvencionados, garantías, titulizacións e asistencia técnica, entre outras).

O título III regula nos artigos 31 a 44 a eólica *off shore*, ao que lle adica dous capítulos relativos á promoción da cohesión social e económica e á creación do canon ás infraestruturas necesarias para a evacuación de eólica mariña aplicable ao ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, o cal se configura como un ingreso compensatorio co carácter de prestación patrimonial de dereito público de natureza extrafiscal e real.

Deste xeito, os ingresos derivados do canon, deducidos os custos de xestión, destinaranse á conservación, reposición e restauración do ambiente, así como ás actuacións de compensación e reequilibrio ambiental e territorial das cales os concellos serán os principais beneficiarios pola aterraxe das infraestruturas necesarias para a evacuación nas zonas de influencia dos proxectos, e tamén se destinará a actuacións para lograr esta compensación

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: gEmrfBK56K1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

e promover a preservación do ecosistema e a biodiversidade en beneficio do conxunto do sector pesqueiro.

O título IV, da recuperación integral do territorio afectado polos incendios forestais, integra os artigos 45 a 49 e está conformado por dous capítulos que regulan as actuacións para esta recuperación, e crea o Fondo de Recuperación do Territorio Afectado por Incendios Forestais de Incidencia Singular. En concreto, respecto de este fondo, o anteproxecto regula cuestións como a forma de determinar a singularidade dos incendios, as súas características do fondo, as posibles achegas do sector privado, as actuacións financiables e os órganos colexiados encargados de facer un seguimento do citado fondo, co fin de conseguir unha xestión e un control axeitados deste.

O título V concreta as normas que atinxen aos proxectos de autoconsumo baseados en enerxías renovables nas áreas empresarias de Galicia, que inclúe os artigos 50 a 56. Esta regulación pretende fomentar a implantación de instalacións ou infraestruturas que contribúan ao autoconsumo, eficiencia enerxética e sustentabilidade das empresas instaladas en parques empresariais da Comunidade Autónoma, favorecendo o impacto social, económico e ambiental destas modalidades de xeración de enerxía, así como a existencia de alternativas de subministración de proximidade para as empresas e consumidores finais e a súa participación activa no seu abastecemento enerxético.

Por outra banda, mediante o título VI, regulado nos artigos 57 a 61, créase o Sistema voluntario de créditos de carbono da Xunta de Galicia, que servirá de nexo entre os operadores ou grupos de operadores que voluntariamente desexen vender os créditos de carbono xerados mediante o

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: gEmrfBK56K1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

desenvolvemento dos seus proxectos e actividades, e os compensadores que, tamén de forma voluntaria, desexen adquirir ou utilizar créditos de carbono, ben sexa como intermediarios ou ben como axentes finais, para así compensar as súas emisións doutras actuacións. Ademais, establécese que a Xunta de Galicia creará un Comité Técnico formado por persoas representantes das consellerías con competencias no desenvolvemento de proxectos susceptibles de absorber carbono ou eliminar a emisión de gases de efecto invernadoiro que tamén poderá estar integrado por persoas representantes doutras administracións públicas ou entidades do sector privado con relevancia no desenvolvemento deste tipo de proxectos, así como por persoas expertas nesta materia.

O título VII, que comprende os artigos 62 a 64, establece algunhas previsións en canto aos residuos biometanizables de xeito que, de acordo cos fins desta norma, e no ámbito das súas competencias, a Administración autonómica procurará a valorización integral dos residuos con alto potencial de biometanización xerados na Comunidade Autónoma de Galicia e, en especial, daqueles da titularidade da Sociedade Galega do Medio Ambiente (Sogama), S.A., a través dos instrumentos previstos neste título.

As disposicións adicionais conteñen normas en canto á consideración dos posibles efectos sinérxicos na avaliación ambiental nos procedementos de autorización de proxectos de parques eólicos, a posibilidade de que as instalacións de recarga de vehículos gocen dos mesmos efectos que os sinalados na lei para os proxectos declarados de especial interese público social e económico, tamén se definen as paisaxes cortalumes e áreas estratéxicas de xestión, e o Programa específico de promoción da reciclaxe mediante a posta en marcha e a xestión de plantas de compostaxe

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: gEmrfBK56K1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

promovidas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a través da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. Así, respecto do referido programa, cómpre salientar que as devanditas plantas darán servizo a aqueles concellos máis próximos a elas ou ás plantas de transferencia que estean adaptadas á recollida específica da FORSU (fracción orgánica dos residuos urbanos). Pois ben, a adhesión dos concellos interesados efectuarase mediante convenio, que terá natureza administrativa e será formalizado entre a entidade local e a Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A., como xestora institucional das instalacións. Así mesmo, en garantía da sustentabilidade financeira das novas instalacións de xestión, fíxase un canon específico para o ano 2023 de 48,30 euros por tonelada de residuos entregados que cumpran os requisitos mínimos que fixará a consellaría competente en materia de residuos nas condicións de adhesión, máis o correspondente IVE. O devandito canon específico actualizarase a partir do exercicio 2023 no mes de xaneiro de cada ano, consonte a evolución do índice de prezos ao consumo, e a súa contía actualizada publicarase no *Diario Oficial de Galicia*.

A disposición transitoria única regula o réxime de aplicación a procedementos de declaración de determinadas iniciativas empresariais prioritarias en curso.

Pola súa parte, a disposición derrogatoria única deixa sen efecto o número 2 do artigo 42 da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Nas disposicións derradeiras modifícase a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia; e a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: gEmrifBK56K1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

A disposición derradeira terceira prevé beneficios e incentivos fiscais mediante a modificación do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo.

Mediante a disposición derradeira cuarta autorízase ao Consello da Xunta para ditar as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento regulamentario desta lei.

Por último, a disposición derradeira quinta refírese á entrada en vigor desta norma.

CUARTO. A exposición de motivos fai referencia a que a crise de subministracións, provocada primeiro pola COVID-19 e pouco despois pola invasión de Ucraína, puxo de manifesto a necesidade de reforzar a capacidade de produción propia nas tecnoloxías críticas relacionadas coa transición enerxética. En resposta, a Unión Europea estableceu o Plan industrial do Pacto Verde Europeo (COM (2023) 62 final, do 1.2.2023) que promove o desenvolvemento da capacidade de produción propia das materias primas e tecnoloxías requiridas para a transición verde, incluíndo o aproveitamento dos recursos naturais de Europa.

A Administración autonómica galega avanzou neste ámbito mediante a aprobación da Axenda Enerxética de Galicia 2030, cuxo primeiro obxectivo estratéxico consiste en converter a Galicia nunha rexión neutra en carbono no ano 2050, en liña coa Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía

CONSELLERÍA DE FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: gEmrfBK56K1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

2050, co fin de reducir as emisións asociadas aos usos enerxéticos, así como implicar a cidadanía no proceso de descarbonización. De modo que, como sinala a exposición de motivos, fixa obxectivos intermedios en 2030 para acadar a neutralidade climática en 2050, con oportunidades non só para o sector enerxético galego, senón tamén para os demais sectores estratéxicos.

Pois ben, a iniciativa normativa que se somete a informe ten por obxecto promover o desenvolvemento sustentable do territorio galego. Así, parte da base de que a posta en marcha de determinados proxectos no territorio, en especial aqueles que aproveitan recursos naturais mediante unha tecnoloxía avanzada, non só debe respectar o medio ambiente, senón que debe ir acompañada da adecuada valoración do seu impacto social e económico na medida en que pode implicar unha oportunidade relevante para acadar un desenvolvemento sustentable.

Así, esta norma deseña as seguintes actuacións e instrumentos: a busca do maior beneficio social e económico na execución dos proxectos incluídos no seu ámbito de aplicación, tanto na propia Comunidade Autónoma de Galicia como, especialmente, nas zonas situadas dentro do ámbito de influencia dos proxectos; a adecuada valoración do impacto social e económico dos referidos proxectos; a participación da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades do seu sector público en sociedades que teñan obxectivos compatibles cos previstos por esta lei; o desenvolvemento de instrumentos de financiamento para facilitar a viabilidade dos proxectos que compartan as finalidades desta lei; a creación e regulación, co fin de contribuír a ordenar e preservar o ambiente, dun canon ás liñas de eólica mariña pola parte que se estendan dentro do territorio da Comunidade

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: gEmrfBK56K1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Autónoma de Galicia; a recuperación integral do territorio afectado polos incendios forestais e a creación dun fondo para eses efectos; a implantación de proxectos de autoconsumo baseados en enerxías renovables nas áreas empresariais; o desenvolvemento de proxectos e actividades dirixidos a incrementar a absorción de carbono e a redución da emisión de gases de efecto invernadoiro, mediante a regulación dun mercado voluntario de créditos de carbono; e a valorización integral de residuos con alto potencial de biometanización pola sociedade mercantil pública autonómica Sociedade Galega do Medio Ambiente (Sogama), S.A.

Deste xeito, a regulación contida neste anteproxecto enlaza con varias prioridades de actuación do Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, en particular, coa 2.1, é dicir, co "fomento dunha economía baixa en carbono baseada en fontes de enerxía máis limpas e menos agresivas co medio ambiente, dando prioridade as fontes de enerxía renovables. Potenciar a eficiencia enerxética en todos os sectores: público, industrial e doméstico".

Tamén está vinculada coas prioridades 2.3 e 2.4 deste plan, en concreto, co obxectivo específico 2.3.2 "xestión dos riscos ocasionados por incendios forestais mellorando a defensa contra os mesmos e aumentando a resiliencia a través dunha adecuada planificación e prevención" e co obxectivo 2.4.4 "xestión sostible dos residuos e a restauración de espazos degradados. Desenvolvemento efectivo dunha xestión dos residuos baseada na economía circular. Situar á Galicia entre as rexións europeas con maior taxa de residuos tratados e reciclados".

Así mesmo, alíñase coa prioridade de actuación 4.4 do plan, en relación co obxectivo específico que consiste en "impulsar a cohesión territorial e a ordenación urbanística do territorio galego respectando a paisaxe de Galicia

CONSELLERÍA DE FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: gEmrfBK56K1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

e potenciando os valores naturais da mesma. Vertebración dixital e mellora da conectividade do territorio. Fomentar a accesibilidade do solo empresarial".

QUINTO. No título I, en concreto no capítulo II, respecto da integración da valoración do impacto social e económico na avaliación de impacto ambiental, o artigo 8 especifica que a valoración dos beneficios sociais e económicos dos proxectos cuxa autorización sexa de competencia autonómica integrarase dentro da avaliación do seu impacto ambiental, realizada de acordo coa lexislación estatal e autonómica aplicable.

Neste senso, o artigo 5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental configura a avaliación de impacto ambiental con un carácter instrumental respecto do procedemento administrativo de autorización de proxectos, e poderá ser ordinaria ou simplificada.

Así, esta integración da valoración dos beneficios sociais e económicos na avaliación de impacto ambiental non implica a creación dun trámite adicional para estes efectos.

En canto ao estudo de impacto ambiental, o artigo 10 do anteproxecto exixe a inclusión, na epígrafe relativa á análise global multicriterio, dos aspectos sociais e económicos do proxecto, os seus beneficios e a súa valoración, de xeito que deberá incorporar, como mínimo, os elementos precisados no apartado segundo do citado precepto.

Pois ben, tendo en conta o artigo 33.1.a) e 35.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, hai que ter en conta que este estudo debe elaborarse pola persoa promotora do proxecto, para facilitar esta labor, o apartado terceiro deste anteproxecto establece a posibilidade de que a Administración autonómica

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: gEmrifBK56K1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

aprobe guías metodolóxicas que poidan ser tidas en conta polos promotores dos proxectos.

Así, a aprobación de guías metodolóxicas facilítalles ás persoas promotoras dos proxectos o cumprimento da obriga de incluír a información referida. Por tanto, valórase positivamente esta previsión.

O artigo 12 do anteproxecto dispón que na avaliación ambiental, no seo do trámite de consultas ás administracións públicas, os órganos da Administración e do sector público autonómico aos cales se pidan os informes previstos no artigo 37.1 da Lei de avaliación ambiental, pronunciaranse sobre o alcance e a valoración dos beneficios sociais e económicos incluídos no estudo de impacto ambiental que sexan da súa competencia.

Ademais, este precepto establece no apartado segundo que na tramitación do procedemento deberase solicitar un informe preceptivo á consellería con competencias en materia de economía, sobre o impacto social e económico do proxecto.

Pois ben, a exixencia do informe preceptivo da consellería con competencias en materia de economía, resulta adecuada, dado que o último parágrafo do artigo 37.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, habilita ás comunidades autónomas para que, no ámbito das súas competencias, establezan o carácter preceptivo de calquera outro informe distinto dos mencionados no devandito artigo.

No ámbito dos proxectos nos que non sexa preceptiva a avaliación de impacto ambiental e lles resulte de aplicación esta futura lei, cuxa autorización sexa de competencia autonómica, o artigo 14 exixe que o promotor presente un estudo de impacto social e económico do proxecto.

CONSELLERÍA DE FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: gEmrfBK56K1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Deste xeito, a avaliación dos beneficios sociais e económicos do proxecto realizaranse no seo do procedemento de autorización do proxecto.

Para estes efectos, este estudo será sometido a un informe preceptivo das consellerías competentes en materia de economía e de ambiente, e o resultado da avaliación será comunicado á persoa promotora do proxecto, plan ou programa, para a súa consideración nas fases de aprobación e execución.

Pola súa banda, os artigos 15 e 16 prevén a emisión de informes preceptivos no trámite de consultas, co fin de analizar os efectos sociais e económicos dos proxectos cuxa autorización sexa de competencia estatal no suposto de procedementos suxeitos a avaliación de impacto ambiental; e tamén no suposto no que, sendo a competencia para autorizar de carácter estatal, non sexa obrigatoria esta avaliación ambiental.

En relación cos informe autonómicos previstos nesta disposición normativa, debe sinalarse que a regulación incorporada respecta os principios da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, relativos aos prazos e ao sentido vinculante ou non dos informes.

Ademais, tamén resultan de aplicación ás previsións do capítulo segundo do título III da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, relativo á racionalización dos procedementos de avaliación ambiental.

Por outra banda, no suposto de que, de acordo cos artigos 18.1 e 20.4 do anteproxecto, se cumpran os requisitos para declarar de especial interese público social e económico os proxectos de produción de enerxías renovables e as súas infraestruturas; así como no suposto de que se

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: gEmrfBK56K1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

acredite a existencia de especiais beneficios sociais e económicos dos proxectos de explotación mineiros, aplicarase a tramitación de urxencia a estes proxectos, de acordo co artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En consecuencia, considérase positivo xa que redunda nunha redución de prazos nos correspondentes procedementos, polo que se contribúe á axilidade na súa tramitación.

SEXTO. No Título II, en concreto no seu capítulo I faise referencia á participación en sociedades que teñan obxectivos compatibles cos previstos por esta lei. Deste xeito, a Administración xeral da Comunidade Autónoma, por si mesma ou a través dos seus entes instrumentais ou dos vehículos de investimento xestionados polas súas entidades instrumentais, cumprindo os requisitos establecidos na lexislación de patrimonio autonómico, poderá participar en sociedades mercantís privadas entre cuxas finalidades e responsabilidade corporativa se encontren as de procurar o beneficio social e económico na zona de influencia dos proxectos, no marco das súas operacións industriais, mercantís ou de investimento, de acordo coas normas previstas nesta lei.

O artigo 24 do anteproxecto aclara que as actuacións que leven a cabo as sociedades participadas recollidas neste capítulo para a consecución dos seus obxectivos realizaranse en condicións de igualdade e competencia co resto de participantes do mercado.

Deste modo, consonte o artigo 2 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, estas participacións en sociedades mercantís privadas integrarán os dereitos patrimoniais da

CONSELLERÍA DE FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: gEmrfBK56K1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Comunidade Autónoma de Galicia, e máis en concreto, o patrimonio empresarial, de acordo co artigo 88 da antedita lei.

En particular, o artigo 93 desta lei contén as normas relativas á adquisición de títulos representativos do capital por parte da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades públicas instrumentais ou polas sociedades a que se refire o seu artigo 88.1, e en ambos casos corresponde a autorización ao Consello da Xunta.

SÉTIMO. O artigo 49 prevé a creación da Comisión Xeral de Seguimento do dito fondo a cal estará integrada por persoas representantes do sector público e das entidades que, pertencendo ao sector privado, achegasen ao fondo unha contía superior á que se fixe mediante a dita resolución, así como, de ser o caso, outras entidades privadas relacionadas co sector forestal ou coa protección ambiental.

A función desta comisión consiste en analizar as necesidades xurdidas no ámbito territorial afectado polos incendios forestais de incidencia singular e elevar propostas á consellería competente en materia de prevención e extinción de incendios forestais en relación coa xestión do fondo e coa súa aplicación, incluíndo o seu destino e a natureza das operacións que cómpre realizar.

Por outra banda, esta lei habilita a creación de comisións territoriais de seguimento do fondo, que serán específicas para cada zona afectada polos incendios. En particular, as súas funcións serán as de analizar as necesidades concretas do ámbito territorial afectado por cada incendio e elaborar propostas para a recuperación da dita zona, para a súa elevación á Comisión Xeral de Seguimento do fondo.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: gEmrfBK56K1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Polo tanto, partindo de que a finalidade da comisión xeral é a de lograr unha xestión eficiente do dito fondo e un control adecuado, e que as comisións territoriais se configuran como posibles órganos que se crearán cando se precise para analizar as necesidades concretas dun ámbito territorial afectado e elevar propostas á comisión xeral, estímase xustificada a creación destes órganos.

Pola súa banda, o título VI, referido aos créditos de carbono, crea o Sistema voluntario de créditos de carbono da Xunta de Galicia así como o Comité Técnico do Sistema voluntario de créditos de carbono. De acordo co artigo 57 o Sistema voluntario de créditos de carbono da Xunta de Galicia que prevé esta lei servirá de nexo entre os operadores ou grupos de operadores que voluntariamente desexen vender os créditos de carbono xerados mediante o desenvolvemento dos seus proxectos e actividades, e os compensadores que, tamén de forma voluntaria, desexen adquirir ou utilizar créditos de carbono, ben sexa como intermediarios ou ben como axentes finais, para así compensar as súas emisións doutras actuacións.

O artigo 60 contén o mandato de que a Xunta de Galicia cree o Comité Técnico do Sistema voluntario de créditos de carbono coa finalidade de mellorar o desenvolvemento e a operación do Sistema voluntario de créditos de carbono, así como de elevar propostas de aprobación ou revisión das metodoloxías do sistema de certificación.

En canto á súa composición, este órgano colexiado estará formado por persoas representantes das consellerías con competencias no desenvolvemento de proxectos susceptibles de absorber carbono ou eliminar a emisión de gases de efecto invernadoiro, e tamén poderán integralo persoas representantes doutras administracións públicas ou

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: gEmrifBK56K1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

entidades do sector privado con relevancia no desenvolvemento deste tipo de proxectos, así como persoas expertas nesta materia.

Considérase procedente a creación deste órgano tendo en conta os fins expresados.

Respecto da creación da Comisión Xeral de Seguimento do Fondo de Recuperación do Territorio Afectado por Incendios Forestais de Incidencia Singular, as comisións territoriais de seguimento do dito fondo, e do Comité Técnico do Sistema voluntario de créditos de carbono, en canto órganos colexiados, cómpre lembrar que para os efectos de cumprir coas obrigas en materia de transparencia, a persoa responsable de coordinación da calidade e da transparencia da Consellería Economía, Industria e Innovación, unha vez creados os referidos órganos, deberá remitir o organigrama actualizado desta consellería, coas modificacións pertinentes na estrutura, de xeito que figuren estes para a súa publicación no Portal de Transparencia e Goberno Aberto, conforme sinala o artigo 6.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Tamén é necesario que a persoa responsable de coordinación da calidade e da transparencia, logo da creación dos órganos, tramite a inclusión destes na relación de órganos colexiados adscritos á devandita consellería, que figura no Portal de transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia, de acordo co disposto no artigo 7 a) da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, indicando a súa composición e as normas polas cales se rexe.

Así mesmo, recoméndase a modificación do decreto de estrutura orgánica da consellería, para incorporalos de xeito expreso na relación de órganos colexiados adscritos.

CONSELLERÍA DE FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: gEmrifBK56K1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

OITAVO. O título V contén normas relativas aos proxectos de autoconsumo nas áreas empresariais de Galicia, co fin de favorecer o seu desenvolvemento.

Estas normas impóñense sobre as ordenanzas contidas nos instrumentos de planeamento ou de ordenación do territorio ou sobre os que os desenvolven.

En concreto, permítese a implantación de instalacións ou infraestruturas para a produción de enerxías renovables, ben en réxime de autoconsumo individual ou ben para o autoconsumo de comunidades enerxéticas, en determinados espazos. Ademais, as ordenanzas dos parques empresariais en determinados ámbitos como as alturas máximas, recuamentos e edificabilidade serán interpretadas de xeito que favorezan a implantación destas instalacións. E, en todo caso permítese excepcións aos límites de altura previstos nas ordenanzas en certas circunstancias, e establécense regras de cómputo respecto das distancias mínimas en materia de recuamento e de edificabilidade.

Tamén se prevé que, soamente nos casos nos que o exixa a normativa, as licenzas, autorizacións ou permisos necesarios para a implantación destas instalacións corresponderán á Administración municipal, sen prexuízo das demais autorizacións sectoriais ou técnicas que correspondan a outras administracións ou organismos, de ser o caso.

Pois ben, estas normas reducen limitacións de carácter urbanístico que poden dificultar a implantación destas infraestruturas nas áreas empresariais, respectando as competencias locais en materia de licenzas.

En consecuencia, este réxime ten como finalidade promover o desenvolvemento das infraestruturas ou instalacións para conseguir unha

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: gEmrfBK56K1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

maior eficiencia enerxética na actividade, sen impoñer, con carácter xeral, obrigas ou limitacións ás empresas.

En definitiva, mediante estas normas facilítaselle ás empresas a instalación ou construción de infraestruturas para a produción de enerxía a partir de fontes de enerxías renovables, e non se prevén cargas administrativas para as empresas a maiores das licenzas exixidas, de ser o caso, pola normativa aplicable. Polo tanto, esta regulación valórase positivamente.

NOVENO. O título VII, relativo aos residuos biometanizables, procura a valorización integral dos residuos con alto potencial de biometanización xerados na Comunidade Autónoma de Galicia e, en especial, daqueles de titularidade de Sogama, S.A, a través dos instrumentos previstos no referido título.

Pois ben, as medidas que contén este anteproxecto en materia de biometanización non impoñen cargas aos particulares, posto que, en esencia, facúltase a Sogama, S.A para a elaboración de plans de biometanización en función dos residuos, e a posibilidade de que esta sociedade mercantil pública poida contratar a obtención de biometano a partir dos residuos con alto potencial de metanización, ou ben transmitir os devanditos residuos.

DÉCIMO. A disposición adicional primeira establece que na avaliación de impacto ambiental que se realice nos procedementos de autorización de proxectos de parques eólicos de competencia autonómica se teñan en conta, en particular, os posibles efectos significativos sinérxicos dos demais parques xa existentes, en construción ou tramitación próximos, situados dentro da zona de influencia do proxecto, que compartan acceso, infraestruturas de evacuación e/ou outra infraestrutura asociada.

CONSELLERÍA DE FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: gEmrifBK56K1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Con este fin, a citada disposición exixe que os estudos de impacto ambiental que elaboren os promotores dos distintos proxectos inclúan no seu contido unha análise específica dos indicados efectos sinérxicos. Así, esta previsión implica unha obriga para as persoas promotoras a cal está xustificada para que o órgano competente poida ter en consideración os posibles efectos sinérxicos na referida avaliación ambiental.

DÉCIMO PRIMEIRO. Respecto das infraestruturas de recarga de vehículos eléctricos e de hidróxeno, así como as extensións ou os reforzos necesarios na rede de distribución, cómpre destacar que a disposición adicional segunda atribúelle os mesmos efectos que os sinalados nesta norma para os proxectos declarados de especial interese público social e económico, coa conseguinte aplicación da tramitación de urxencia.

Ademais, hai que salientar que a disposición derradeira primeira, en relación ás infraestruturas eléctricas das estacións de recarga de vehículos eléctricos que segundo a normativa básica estatal requiren dunha autorización administrativa para a posta en funcionamento, modifica a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, no senso de que non exixe o trámite de información pública no procedemento integrado das autorizacións administrativas para as instalacións de produción, distribución e transporte de enerxía eléctrica competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que non se solicite a declaración de utilidade pública nin sexa preceptiva a avaliación ambiental ordinaria, de conformidade coa Lei 21/2013, do 9 de decembro, ou norma básica estatal que a substitúa.

Polo tanto, isto supón que en determinadas circunstancias, nalgúns supostos nos que non é preciso, se evite o trámite de información pública, o que fomenta a simplificación e axilización do procedemento integrado das

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: gEmrfBK56K1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

autorizacións administrativas para as instalacións de produción, distribución e transporte de enerxía eléctrica.

DÉCIMO SEGUNDO. No que atinxe á modificación da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, a nova regulación do artigo 27.3 contida na disposición derradeira segunda do anteproxecto establece que a tramitación das autorizacións administrativas necesarias das infraestruturas de evacuación deberán solicitarse conxuntamente coa solicitude de autorización administrativa previa e de construción do parque eólico.

Pola contra, o precepto vixente prevé a posibilidade de que a persoa promotora solicite a tramitación conxunta das citadas autorizacións.

Pois ben, o artigo 27.1 da mencionada lei dispón, en concreto, que a posta en funcionamento de parques eólicos estará sometida, con carácter previo, ao réxime de autorizacións establecidas no artigo 53 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, e á súa normativa de desenvolvemento, ou normas que as substitúan.

A este respecto hai que indicar que a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia establece no seu artigo 44 que as persoas promotoras dos proxectos de instalacións enerxéticas reguladas no artigo 53 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, ou norma estatal básica que a substitúa, deberán solicitar a tramitación integrada das autorizacións administrativas necesarias para a implantación destas instalacións, así como, se for preciso, o proxecto sectorial.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: gEmrifBK56K1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Así, consonte o artigo 48 da referida Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, o órgano competente ditará a resolución respecto do outorgamento da autorización administrativa integrada, que corresponderá coa autorización administrativa previa e coa autorización administrativa de construción, reguladas no artigo 53 da Lei 24/2013, do 26 de decembro.

Deste xeito, esta regulación supón un avance na liña proposta pola devandita Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.

Por todo o anterior, a Dirección Xeral de Simplificación Administrativa, emite **INFORME FAVORABLE** ao anteproxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.

O director xeral de Simplificación Administrativa

Jesús Oitavén Barcala

Documento datado e asinado dixitalmente na marxe

Asinado por: OITAVEN BARCALA, JESUS
Cargo: Director Xeral de Simplificación Administrativa
Data e hora: 12/07/2023 14:52:40

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

CONSELLERÍA DE FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: gEmrifBK56K1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

XUNTA DE GALICIA

INFORME DE IMPACTO DE XÉNERO RELATIVO AO ANTEPROXECTO DE LEI DE PROMOCIÓN DOS BENEFICIOS SOCIAIS E ECONÓMICOS DOS PROXECTOS QUE UTILIZAN OS RECURSOS NATURAIS DE GALICIA

Solicitante: Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación. Secretaría Xeral Técnica

Expediente: 94/2023

ANTECEDENTES DE FEITO

1. Recíbese, nesta Secretaría Xeral, solicitude de informe de impacto de xénero relativo ao anteproxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

PERTINENCIA DO INFORME

1. A emisión de informes de impacto de xénero está regulada no artigo 7 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (en diante, Decreto lexislativo 2/2015), no que se indica que "*Os proxectos de lei presentados no Parlamento galego pola Xunta de Galicia irán acompañados dun informe sobre o seu impacto de xénero elaborado polo órgano competente en materia de igualdade*. *Se non se acompaña ou se se trata dunha proposición de lei presentada no*

Servizo de Apoio Técnico-Administrativo
SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE
CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DE EMPREGO E IGUALDADE

Edificio Administrativo de San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 545 362
xestion.igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal

CVE: lh3Kk6Bvqln1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Parlamento galego, este requirirá, antes da discusión parlamentaria, a súa remisión á Xunta de Galicia, quen ditaminará no prazo dun mes; transcorrido este prazo a proposición seguirá o seu curso".

2. A finalidade do proxecto é asegurar a xestión responsable dos recurso naturais de Galicia de maneira que se protexa o ambiente, se cre riqueza e a riqueza creada incida no territorio. Para iso, o obxecto da lei é promover o desenvolvemento sustentable do territorio galego mediante a regulación e promoción de, entre outras, as seguintes actuacións e instrumentos: a creación e regulación dun canon ás liñas de eólica mariña, a busca do maior beneficio social e económico na execución dos proxectos incluídos no título I da lei, a participación da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades do seu sector público en sociedades que teñan obxectivos compatibles cos da lei ou a recuperación integral do territorio afectado polos incendios forestais e a creación dun fondo para eses efectos.
3. Á vista do contido deste proxecto normativo analizarase, a continuación, a integración transversal da perspectiva de xénero na lei, a incorporación da perspectiva de xénero da actividade estatística, a composición equilibrada dos órganos de decisión e a utilización dunha linguaxe normativa non sexista.

INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA NORMA

1. A integración sistemática da perspectiva de xénero consiste, segundo o Grupo de asesoras expertas do Consello de Europa, na organización, a mellora, o desenvolvemento e a avaliación dos procesos políticos, de modo que unha perspectiva de igualdade de xénero se incorpore en todas as políticas a todos os niveis e en todas as etapas.
2. Normativa de referencia no ámbito europeo: Tratado da Comunidade Europea (TCE) e o artigo 23 da Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea.

CVE: lh3Kk6Bvqln1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

3. Normativa de referencia no ámbito estatal: A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, nos artigos 14 e 15 establece os criterios de actuación dos poderes públicos e o mandato de transversalidade do principio de igualdade de trato entre mulleres e homes. Así mesmo, no artigo 30. 2 e 30.3, ao respecto do desenvolvemento rural, di *"2. Nas actuacións encamiñada ao desenvolvemento do medio rural, incluiranse actuacións dirixidas a mellorar o novel educativo e de formación das mulleres e especialmente ás que favorezan a súa incorporación ao mercado de traballo e aos órganos de dirección de empresas e asociacións (...) 3. As Administracións públicas promoverán novas actividades laborais que favorezan o traballo das mulleres no mundo rural."*
4. O Decreto lexislativo 2/2015 desenvolve o principio de transversalidade no seu artigo 5. O capítulo VII do Título I adícase á participación das mulleres no desenvolvemento rural. Dentro del, o artigo 42 di o seguinte:

   "Artigo 42. Os dereitos das mulleres no desenvolvemento rural

   1. A Xunta de Galicia adoptará, dentro das súas competencias, as medidas conducentes a eliminar a discriminación contra as mulleres en zonas rurais, coa finalidade de asegurar, en condicións de igualdade entre as mulleres e os homes, a súa participación nos beneficios dun desenvolvemento rural sustentable.

   2. Para asegurar a participación das mulleres nos beneficios dun desenvolvemento rural sustentable, garántenselles os seguintes dereitos:

   a) A participación na elaboración, na decisión e na execución dos plans e das políticas de desenvolvemento rural a través das canles legais establecidas.

   b) A información de calquera das medidas públicas adoptadas de desenvolvemento rural con incidencia nos dereitos e deberes das mulleres.

   c) A educación e a formación profesional, coa finalidade de aumentar as súas capacidades técnicas no exercicio das súas actividades.

CVE: lh3Kk6Bvqln1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

d) O fomento público do cooperativismo e doutros sistemas de autoaxuda agraria coa finalidade de promover a igualdade de acceso das mulleres aos beneficios do desenvolvemento rural."

5. Por outro lado, a Estratexia de Transición Xusta, establece entre outros obxectivos o de "*Garantir un aproveitamento igualitario das oportunidades, especialmente en materia de igualdade de xénero e colectivos con especiais dificultades*"
6. O VIII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027 (VIII Plan para a igualdade) interesan tres puntos, fundamentalmente; a ruralidade, o medio ambiente e o relativo a contratos públicos e subvencións:

   - A ruralidade. O VIII Plan para a igualdade establece a ruralidade como un dos seus eixos transversais dada a importancia e o peso que ten o feito rural en Galicia. Pódese ler que "*cómpre facer alusión á diversidade das mulleres no ámbito rural galego. Isto quere dicir que tamén convén ter en conta as particularidades das diferentes contornas rurais existentes. Así, nunha mesma provincia non é comparable un concello cuxa actividade económica sexa primordialmente o turismo, ou que actúe como núcleo residencial periurbano, que aquel onde prevalece o sector primario como actividade económica. Así, cando se aborda a situación das mulleres no rural galego, débense ter en conta estas especificidades (...) Xa que logo, todos estes condicionantes deben ser considerados desde unha perspectiva de xénero*." O ámbito 4 do Plan é a "Igualdade de oportunidades para as mulleres rurais e do mar". Nel especifícase que "*Pode afirmase que, debido a distintos factores estruturais, as mulleres rurais de Galicia no seu sentido máis amplo, residentes nas zonas rurais costeiras e do interior, así como as que traballan en actividades ligadas ao sector agrícola e ao sector pesqueiro, atópanse en situación de discriminación múltiple, ao ser maiores e máis intensos os atrancos aos que deben facer fronte para o seu pleno desenvolvemento persoal*.

CVE: lh3Kk6Bvqln1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Numerosas barreiras económicas, sociais e administrativas dificultan a súa participación en condicións de igualdade e un menor desenvolvemento profesional. Pode dicirse que todas as situacións de desigualdade de xénero afondan as súas raíces nas estruturas de poder patriarcal, pero no caso das mulleres rurais vólvense máis fortes, posto que o carácter estrutural desta desigualdade enraíza con roles tradicionais e estereotipos de xénero que seguen a perdurar de modo máis marcado nas contornas rurais.

(...) é necesario seguir incidindo na participación das mulleres en órganos directivos e espazos de decisión das organizacións agrarias e pesqueiras (confrarías, xuntas de cooperativas, comunidades veciñais, órganos reguladores de denominación de orixe etc.)." As prioridades de actuación neste ámbito inclúen apoiar a autonomía económica e a mellora das condicións laborais das mulleres rurais e do mar ou contribuír á participación social, ao apoderamento e á visibilización das mulleres rurais e do mar.

- O medio ambiente. A prioridade de actuación 7.4 trata de reforzar a perspectiva de xénero nas políticas medioambientais, de mobilidade e de xestión do territorio. A primeira liña de acción é o desenvolvemento de programas ambientais con perspectiva de xénero e de posta en valor do papel das mulleres na xestión e conservación da biodiversidade.

- Por último, relativo á actividade contractual e ás subvencións, o VIII plan di "A aplicación do enfoque de xénero ao conxunto da xestión pública debe realizarse dun xeito máis sistemático e intenso. A incorporación de cláusulas favorecedoras da igualdade de xénero no conxunto da actividade contractual e nas subvencións está, sen dúbida, cada vez máis estendida no sector público autonómico, aínda que precisa dunha aplicación máis contundente, por exemplo, mediante criterios de puntuación automática, non só aplicables aos casos nos que se produce un empate entre as ofertas"

A este respecto, tamén é importante sinalar os artigos 17.4 e 57 da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia:

CVE: Ih3Kk6Bvqln1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

"*Artigo 17. Contratación*

(...)

4. En particular, os órganos de contratación introducirán criterios de adxudicación cualitativos, vinculados ao obxecto do contrato, referidos ás políticas empresariais en materia de igualdade no proceso específico de produción, prestación ou comercialización das obras, subministracións ou servizos, preferentemente aqueles referidos aos plans de igualdade de xénero ou ás medidas a prol da igualdade de xénero que se apliquen, á loita contra a discriminación salarial por razón de sexo e ao fomento da contratación feminina"

"*Artigo 57. Promoción da conciliación na contratación do sector público autonómico*

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais do sector público autonómico, cando utilicen unha pluralidade de criterios para a adxudicación dun contrato, incluirán entre eles, sempre que estea vinculado ao obxecto do contrato de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, un referido ás políticas empresariais en materia de conciliación da vida persoal, familiar e laboral e corresponsabilidade que se apliquen na execución do contrato, entendendo por tales, entre outras, as que incorporen medidas de flexibilidade espacial, tales como o teletraballo, ou de flexibilidade na organización do tempo de traballo, melloras dos permisos legalmente establecidos ou beneficios sociais para a atención das responsabilidades familiares.

2. Este criterio deberá valorarse como mínimo co 10 % da puntuación máxima que poida atribuírse ás ofertas, debendo motivarse no expediente a atribución dunha porcentaxe menor, que non deberá ser inferior ao 5 % da puntuación máxima."

7. Tendo en conta todo o anterior, recoméndase incluír no proxecto de lei a perspectiva de xénero e a promoción da igualdade, nos termos sinalados

CVE: lh3Kk6Bvqln1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

neste informe, nos artigos 4 e 5, "concreción dos beneficios sociais e económicos" e "Desenvolvemento de indicadores cuantitativos".

INTEGRACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA ACTIVIDADE ESTATÍSTICA

1. A nivel estatal, cómpre ter en conta o artigo 20 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
2. A nivel autonómico, cómpre ter en conta o artigo 9 do Decreto lexislativo 2/2015, a Lei 16/2021, do 17 de xullo, do Plan Galego de Estatística 2022-2026, e a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, no artigo 21.
3. O VIII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027 recoñece que "*...no terreo da información estatística é de xustiza recoñecer a incorporación progresiva da variable sexo a unha parte moi significativa das operacións da comunidade autónoma. Non obstante, aínda non é posible unha desagregación por sexo completa dalgunhas series de datos nas principais producións estatísticas. Ademais, precisaríase ampliar as variables ou dimensións de estudo para a elaboración de indicadores de xénero en ámbitos de interese*." Por isto, prevé unha liña de acción destinada á "*Realización e difusión de estudos sobre a situación das mulleres e mellora da elaboración e utilización de datos estatísticos e indicadores de xénero*", da que son responsables todos os departamentos da Administración xeral e entes adscritos.
4. No anteproxecto de lei, no artigo 5, "desenvolvemento de indicadores cuantitativos", no seu punto e) prevese que de ser o caso, os empregos directos e indirectos netos xerados ou conservados, en Galicia, se desagreguen por xénero. Isto merece unha valoración positiva, tendo en conta o indicado no punto 7 do apartado anterior deste informe.

CVE: lh3Kk6Bvqln1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

XUNTA DE GALICIA

PREVISIÓNS RELATIVAS AO CUMPRIMENTO DA COMPOSICIÓN EQUILIBRADA DOS ÓRGANOS DE DECISIÓN

1. En canto á toma de decisións e a elaboración de estratexias, vén recollida no artigo 5.2 d) do Decreto lexislativo 2/2015.
2. No relativo a nomeamentos e designación dos cargos de responsabilidade, estipúlase no artigo 16 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, na súa disposición derradeira primeira.
3. Para a administración galega e o nomeamento de altos cargos, recóllese na Disposición adicional 1.ª da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.
4. No proxecto de lei créanse varios órganos colexiados e regúlase a súa composición, mais en ningún deles se prevé a composición equilibrada dos seus membros. Recoméndase introducir, na composición de todos os órganos que "*na súa composición de procurará unha representación equilibrada muller-home*"

UTILIZACIÓN DUNHA LINGUAXE NORMATIVA NON SEXISTA

1. A incorporación dunha linguaxe non sexista está recollida nos artigos 11 e 12 do Decreto lexislativo 2/2015.
2. A nivel estatal, o tratamento da linguaxe lexíslase na aliña 11 do artigo 14 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
3. Neste texto emprégase, de forma xeral, o masculino como xenérico: "os investidores", "os propios promotores", "os consumidores", "os pequenos investidores", os axentes ", "socios", "dos operadores técnicos e xurídicos", "os interesados", "alumnos", "empregados", "o titular", "o solicitante", "os participantes", "beneficiarios", etcétera. Recoméndase substituír, cando

CVE: lh3Kk6Bvqln1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

XUNTA DE GALICIA

sexa posible as ditas formas por outras neutras (o alumnado, a persoal, as persoas interesadas, etcétera) e, cando isto non sexa posible e sexa necesario utilizar as dúas formas do xénero, alternar a primeira posición e non colocar sempre diante a forma masculina.

Polo tanto, INFORMO:

Que no relativo ao impacto de xénero do anteproxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia fanse as recomendacións recollidas neste informe. En concreto:

- Incluír a perspectiva de xénero e a promoción da igualdade nos artigos 4 e 5, "concreción dos beneficios sociais e económicos" e "Desenvolvemento de indicadores cuantitativos"
- Prever que se procurará a composición equilibrada, muller-home, dos órganos colexiados.
- Corrixir a linguaxe nos termos indicados no informe

Santiago de Compostela, data da sinatura electrónica

A xefa do Servizo de Apoio Técnico-Administrativo

María Monteagudo Neira

A secretaria xeral da Igualdade

Sandra Vázquez Domínguez

Asinado por: VAZQUEZ DOMINGUEZ, SANDRA
Cargo: Secretaria Xeral
Data e hora: 04/08/2023 15:00:21

Asinado por: MONTEAGUDO NEIRA, MARIA
Cargo: Xefa do Servizo
Data e hora: 02/08/2023 08:33:10

CVE: lh3Kk6Bvqln1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Ref.-sxrao
2800

INFORME DE SUSTENTABILIDADE

SECCIÓN: CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN	**DATA ENTRADA:** 21/06/2023
NORMA/PLAN: ANTREPROXECTO DE LEI DE PROMOCIÓN DOS BENEFICIOS SOCIAIS E ECONÓMICOS DOS PROXECTOS QUE UTILIZAN OS RECURSOS NATURAIS DE GALICIA	
OBXECTO: O anteproxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, pretende regular diferentes aspectos relativos á sustentabilidade da utilización destes recursos, atendendo non só aos criterios ambientais, senón tamén a factores socioeconómicos que permitan despregar unha política ambiental que sexa ademáis xusta coa poboación e os territorios no ámbito de influencia dos proxectos. Pretende ser unha norma transversal que mellore a regulación da utilización dos recursos naturais no noso territorio, impulsando unha transición enerxética xusta e a consideración e compensación equilibrada dos custes medioambientais e afeccións aos servizos ecosistémicos, cos beneficios que as persoas, comunidades e territorios poden obter. Sendo o seu fin promover o desenvolvemento racional e sustentable do territorio mediante a xestión responsable dos recursos naturais e a protección do ambiente, de forma conciliada co desenvolvemento social e económico e procurando a cohesión territorial, a cohesión social e a mellora da calidade de vida da poboación de Galicia, e o desenvolvemento equilibrado dos sectores e actividades comprendidos na lei.	
DATA DE RECEPCIÓN DOS DERRADEIROS DATOS DO XESTOR: 13/09/2023	

Impacto económico

Para a análise do custe económico do anteproxecto cómpre facer un repaso das diferentes medidas que contén.

O título preliminar non ten custo económico, xa que só establece os fins e obxectivos da lei, definicións dos beneficios sociais e económicos, e indicadores cuantitativos.

O título I non ten custo económico xa que a avaliación dos beneficios sociais e económicos que se establecen se integra na análise de impacto ambiental e para a súa tramitación non se constata a necesidade de novo persoal empregado público.

O título II non ten custo económico xa que só habilita para a participación en sociedades con determinados fins e para o establecemento de instrumentos de financiamento tanto para a Administración Xeral como para os seus entes instrumentais, polo que deberá ser o desenvolvemento de tales participacións e instrumentos os que determinen os posibles custos.

Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos
Edificios administrativos San Caetano, Bloque 3
15781 Santiago de Compostela, A Coruña
Tlfno.:981 54 51 10 – Fax.: 981 54 51 94
dx.planificacion.orzamentos.facenda@xunta.gal

Ref.-sxrao
2800

O título III, relativo ao canon para gravar as liñas de evacuación da xeración eólica mariña, implica a percepción de novos ingresos por parte da comunidade autónoma galega. No escenario considerado na memoria económica, se indica que se prevé que a entrada en funcionamento do primeiro parque eólico mariño sexa entre 2030-2031 e os ingresos estimados a partir do ano 2031 poden acadar unha cifra entre 30.000-56.000€, co seguinte detalle:

En €

ZONA ZAPER	NOR - 1	NOR-2	NOR-3/NOR-4	NOR-5
INGRESOS			30.000-56.000	

O título IV prevé unha serie de actuacións en materia de recuperación forestal. Estas actuacións estarán adecuadamente cubertas polos créditos orzamentarios, sen que se constate a priori a necesidade de novo persoal empregado público. No que se refire á dotación do fondo, non implica como tal un custo, senón que dependerá das partidas orzamentarias que se determine. As demais fontes de financiamento do fondo, como son as achegas doutras administracións, doazóns e achegas privadas, non supoñen custo para a Administración autonómica.

O título V se limita ao establecemento de determinadas normas de ordenación do territorio e urbanismo para facilitar o autoconsumo enerxético nas áreas empresariais. En concreto no artigo 56 regúlanse os incentivos nas condicións de alleamento de parcelas de solo empresarial do IGVS e Xestur SA para implementación de enerxías renovables, co fin de favorecer a implementación de instalación que contribúan ao autoconsumo ou ao uso de enerxías renovables por parte das empresas implantadas nos parques empresariais. No número 2 do mesmo artigo se faculta ao IGVS e Xestur SA, para que na elaboración dos instrumentos de planeamento ou proxectos de urbanización de áreas empresariais, poidan analizar as posibilidades de uso da xeotermia nas parcelas de solo empresarial, co fin de que os seus compradores poidan coñecer esta posibilidade antes da súa adquisición.

Á vista do contido do precepto non se prevé un impacto nos ingresos do IGVS e de Xestur SA, xa que os ditos incentivos non afectan as bonificacións do prezo xa existentes en ambas entidades, que se manterán, senón que os ditos incentivos consistirán basicamente na inclusión nas bases reguladoras dos concursos de alleamento de maior baremación ou criterios de adxudicación preferente para os licitadores que inclúan a implementación de enerxías renovables nas súas ofertas e, no seu caso, de xeito puntual, na posibilidade de flexibilización dos medios de pagamento de sólo empresarial de titularidade autonómica previsto no artigo 77 da Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia. Por outra o número 2 do artigo non ten impacto económico por no implicar nin afectar aos ingresos do IGVS e de Xestur SA.

O título VI regula un sistema voluntario de créditos de carbono para o cal deberá crearse unha plataforma. Pendente o desenvolvemento regulamentario do sistema, o anteproxecto non implica custo directo ningún.

O título VII non supón un custo económico directo, senón que habilita a SOGAMA para o desenvolvemento de determinados plans de biometanización de residuos. Actualmente non é

Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos
Edificios administrativos San Caetano, Bloque 3
15781 Santiago de Compostela, A Coruña
Tlfno.:981 54 51 10 – Fax.: 981 54 51 94
dx.planificacion.orzamentos.facenda@xunta.gal

posible cuantificar as inversión e rendementos derivados da regulación dos artigos 62, 63 e 64 de valorización de residuos bometanizables, xa que actualmente está pendente dun estudio de viabilidade técnica e económica. En todo caso, tendo en conta que o anteproxecto dispón que Sogama "poderá" desenvolver plans de bometanización, non sendo polo tanto una obriga, será meses plan sonde se acompañará a oportuna memoria económica que recolla os ingresos e os gastos derivados da valoración deses residuos.

A disposición adicional primeira se refire á toma en consideración dos efectos sinérxicos dos parques eólicos nos seus procedementos de autorización, e non supón un custo económico.

A disposición adicional segunda axiliza a tramitación de instalacións de recarga de vehículos, sen que supoña un custo económico.

A disposición adicional terceira se refire a paisaxes cortalumes e áreas estratéxicas de xestión establecendo a súa definición polo que non ten custe económico.

A disposición adicional cuarta se refire ao programa específico de promoción da reciclaxe mediante a posta en marcha e a Xestión de plantas de compostaxe a través de Sogama. Polo que respecta o impacto económico do canon vinculado as plantas de compostaxe, a memoria económica recolle a seguinte proxección de ingresos:

En €

Conceptos	2024	2025	2026	2027
- Canon	109.350	227.500	354.348	489.944
- Venta compost	15.000	48.000	90.000	180.000
Total	**124.350**	**275.500**	**444.348**	**669.944**

As disposicións transitoria, derrogatoria, derradeira primeira e derradeira segunda non teñen custo económico ningún.

A disposición derradeira terceira establece beneficios fiscais no IRPF e no ITPAXD. Así no IRPF establécese una dedución do 20% para a adquisición de accións e participacións de determinadas sociedades, e no ITPAXD una dedución do 100% da cota dos impostos por constitucións o transmisión de dereitos reais sobre bens inmobles destinados ao autoconsumo enerxético nas áreas empresariais. Estes beneficios supoñen un custo económico, xa que implican unha diminución dos ingresos públicos.

No IRPF establécese una dedución do 20% por inversión na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades que realicen proxectos de interese público segundo os artigos 17 e 20 da lei (renovables e minas), cunha base máxima de 10.000€ por contribuínte en todos os períodos impositivos. Esta dedución está pensada para estimular a participación das comunidades locais nos propios proxectos como accionistas dos mesmos. O custe da medida para o período 2024-2030 estímase en 29,9 millóns de euros segundo cadro adxunto.

Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos
Edificios administrativos San Caetano, Bloque 3
15781 Santiago de Compostela, A Coruña
Tlfno.:981 54 51 10 – Fax.: 981 54 51 94
dx.planificacion.orzamentos.facenda@xunta.gal

Ref.-sxrao
2800

Millóns €

Dedución IRPF - Devengo							
2024	**2025**	**2026**	**2027**	**2028**	**2029**	**2030**	**Total**
2,9	3,1	3,3	3,4	4,3	5,1	7,8	**29,9**

Non obstante, aínda que o impacto se refire ao IRPF devengado para estes exercicios, dado o funcionamento do sistema de financiamento, o impacto destas medidas adíanse un exercicio polo que o seu impacto en termos orzamentarios é o seguinte:

Millóns €

Dedución IRPF-Sistema financiamento								
2024	**2025**	**2026**	**2027**	**2028**	**2029**	**2030**	**2031**	**Total**
0,0	2,9	3,1	3,3	3,4	4,3	5,1	7,8	**29,9**

Dedución do 100% no ITPAXD aplicable á constitución ou transmisión de dereitos reais sobre inmobles que sexan necesarios para a implantación de instalacións ou infraestruturas que sexan necesarios para a produción de enerxías renovables nas áreas empresariais. O obxecto desta dedución é facilitar a constitución de contratos de subministro a longo prazo para o autoconsumo renovable no sector empresarial galego. Este modelo de negocio precisa de seguridade xurídica a longo prazo para que sexa atractivo para inversores e bancos e se poida acceder a financiación tamén a longo prazo. O custe da medida estímase para o período 2024-2030 en 5,1 millóns de euros, segundo cadro adxunto.

Millóns de €

Dedución ITP-AXD							
2024	**2025**	**2026**	**2027**	**2028**	**2029**	**2030**	**Total**
0,7	0,7	0,7	0,7	0,7	0,8	0,8	**5,1**

Tampouco teñen custo económico as disposicións derradeira cuarta e derradeira quinta.

En definitiva o anteproxecto de Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia non ten custe económico significativo e directo. Se trata dunha norma enunciativa que poderá dar lugar a actuacións concretas a través de plans de actuacións que deberán ser obxecto de valoración mediante memorias económicas e informados por este centro directivo para garantir a súa sustentabilidade.

Por outra, o impacto do conxunto das medidas explicadas anteriormente teñen distintos horizontes temporais, e aínda que se cuantifican para o período 2024-2030, e sen reflectir o impacto do canon eólico cuxa estimación de ingresos será a partir do ano 2031, é necesario circunscribilos aos escenarios orzamentarios recollidos no informe de estratexia financeiro fiscal, e polo tanto se cuantifican o seu impacto para o período 2024-2026, a efectos de valorar a súa sustentabilidade, cuantificándose se o seu impacto en 8,9 millóns de euros, segundo cadro adxunto.

Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos
Edificios administrativos San Caetano, Bloque 3
15781 Santiago de Compostela, A Coruña
Tlfno.:981 54 51 10 – Fax.: 981 54 51 94
dx.planificacion.orzamentos.facenda@xunta.gal

Ref.-sxrao
2800

Impacto	2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030	Total
- Anteproxecto Lei sen canon eólico	3,7	4,1	4,5	4,8	5,7	6,5	9,2	**38,5**
-Escenarios orzamentarios 2024-2026	0,8	3,9	4,3					**8,9**

Fundamento normativo:
Artigo 42.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
Artigo 3 e 7 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.

INFORME: Favorable, ainda que o anteproxecto comporta custe económico, ao suponer unha minoración dos recursos da Facenda Galega, considérase que o mesmo ten encaixe nos escenarios orzamentarios.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2023
A directora xeral de Planificación e Orzamentos

XUNTA DE GALICIA DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Almudena Chacón Pichel

Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos
Edificios administrativos San Caetano, Bloque 3
15781 Santiago de Compostela, A Coruña
Tlfno.:981 54 51 10 – Fax.: 981 54 51 94
dx.planificacion.orzamentos.facenda@xunta.gal

INFORME SOBRE ALEGACIÓNS AO ANTEPROXECTO DE LEI DE PROMOCIÓN DOS BENEFICIOS SOCIAIS E ECONÓMICOS DOS PROXECTOS QUE UTILIZAN OS RECURSOS NATURAIS DE GALICIA

O 23 de marzo do presente, o Consello da Xunta adoptou o acordo de inicio do anteproxecto de referencia.

O 11 de maio do presente, o Consello da Xunta acordou autorizar o inicio do trámite de información pública.

Do 12 de maio ao 6 de xuño do presente, expúxose publicamente o texto do anteproxecto no Portal de Transparencia, na sección de normativa en tramitación. Adicionalmente, para darlle maior publicidade, o 12 de maio publicouse no Diario Oficial de Galicia (nº 91) o anuncio de 11 de maio da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, de exposición pública do anteproxecto, indicando o prazo e os medios para presentar suxestións. Recibíronse 259 suxestións a través do formulario habilitado no Portal de Transparencia.

O 12 de maio, remitíronse 78 comunicacións, dando audiencia pública as seguintes entidades máis representativas:

-Área de Defensa de Incendios Forestais do Miteco
-Fegamp
-Universidade de Santiago
-Universidade da Coruña
-Universidade de Vigo
-Sindicato Labrego Galego
-Unións Agrarias UPA
-Asociación Agraria de Galicia ASAGA
-Asociación Forestal de Galicia
-Asociación Forestal Sectorial de Galicia ASEFOGA
-Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común
-Asociación para o fomento forestal da riqueza de Galicia AFRIFOGA
-Monteindustria
-Asociación de produtores de madeira de Galicia PROMAGAL
-Asociación de Viveiros Forestais VIFOGA
-Federación Galega de Caza
-Federación Galega de Pesca
-Federación de Asociacións de Mulleres rurais FADEMUR GALICIA
-Asociación de empresarios de la primera transformación de la madera de Lugo
-Federación empresarial de aserradores e rematantes de madeira de Galicia FEARMAGA
-Asociación de empresas de servizos forestais de Galicia SERFOGA
-Asociación de empresas forestais de Galicia ASEMFO GALICIA
-Colexio Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia

-Colexio Enxeñeiros de Montes
-Colexio Enxeñeiros Agrónomos de Galicia
-Colexio de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de Galicia
-Colexio de Enxeñeiros Industriais
-Colexio de Enxeñeiros de Minias
-Federación Ecoloxista Galega FEG
-Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia ADEGA
-Amigos da Terra
-Sociedad Galega de Historia Natural
-Ecoloxistas en Acción
-Asociación Ecoloxista Santiago de Compostela VERDEGAIA
-Asociación Frouma
-Clúster da Madeira e o Deseño de Galicia
-Asociación galega do hidróxeno AGH2
-Asociación de Industrias do metal e tecnoloxías asociadas de Galicia ASIME
-Fundación Clúster da automoción e mobilidade de Galicia CEAGA
-Asociación Clúster Naval Galego ACLUNAGA
-Clúster enerxías renovables de Galicia CLUERGAL
-Clúster da función loxística de Galicia
-Clúster da biomada de Galicia
-Cámara Oficial Mineira de Galicia
-Federación gallega de parques empresariais FEGAPE
-Suelo empresarial del Atlántico SEA
-Entidad pública empresarial del suelo SEPES
-Consorcio zona franca de Vigo
-Asociación eólica de Galicia EGA
-Unión española fotovoltaica UNEF
-Fundación centro tecnolóxico do Granito
-Clúster da Pizarra
-Asociación galega de Áridos ARIGAL
-Consello galego de pesca
-Autoridade portuaria da Coruña
-Autoridade portuaria de Ferrol
-Autoridade portuaria de Vigo
-Autoridade portuaria de Vilagarcía
-Autoridade portuaria de Marín
-Sociedade Impulsa Galicia
-Asociación produtores y distribuidores de energía de Galicia APYDE
-Begasa Viesgo
-UFD Naturgy
-Consello galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible COGAMADS
-Comité Executivo de desenvolvemento mineiro
-CC OO
-UXT
-CIG
-Escola Técnica Enxeñería Industrial de Vigo
-Escola Politécnica de Enxeñería de Ferrol
-Escola Enxeñería Minas e Enerxía de vigo

-Fundación Juana de Vega
-Confederación Empresarios de Galicia

No prazo concedido para o efecto, téñense recibido un total de 266 suxestións de particulares e das entidades, asociacións, sindicatos, empresas e demais colectivos que a seguir se mencionan:

-Villar Mir Energía SLU
-Cámara Oficial Mineira de Galicia
-Clúster da Pizarra de Galicia
-Fundeen Platform, SL
-Sindicato Labrego Galego
-Asociación Tralapena
-Plataforma veciñal mina Touro O Pino non
-Organización Galega de Comunidades de Montes
-Asociación Salvemos Cabana
-Cobre San Rafael
-Cheiros Non
-Ecoloxistas en Acción
-Ecoloxistas en Acción-área mineira
-Ecoloxistas en Acción Coruña
-Asociación ecoloxista Arco Iris
-PorVir
-Asociación cultural e medioambiental A Pedra que Fala
-Mancomunidade de Montes do Val Miñor
-Colectivo na defensa do patrimonio A Forneiriña
-Instalaciones Fotovoltaicas Voltfer SL
-Geama
-Interior Galego Vivo
-Asmecruz Sociedad Cooperativa Gallega
-Aminer
-Asociación Forestal de Galicia
-Iberdrola España SAU
-Reganosa
-Greenalia Wind Power SLU
-Naturgy Energy Gruop SA
-Repsol Petróleo SA
-Capital Energy
-Sylvestris y Fundación Repsol
-Norvento Enerxía SL
-Quantum Mining
-Colexio Enxeñeiros de Montes
-Viratec, Clúster Solucións Ambientais
-Asociación Empresarial Eólica AEE
-Teira Avogados SL
-EDP Renovables España SLU
-Mineiros Touro O Pino
-J. Balado

-A Carreira SC
-Umia Vigo
-Federación Ecoloxista
-Asociación de productores mejilloneros San Saturnino
-Cofradía de pescadores de Cabo de Cruz
-Cofradía de pescadores Virxe do Carme de Rianxo
-CIG
-UXT
-CC OO

O resto de alegacións recibidas foron de persoas particulares.

As suxestións recibidas foron analizadas, anexándose a este informe a análise na que figura un extracto das alegacións efectuadas, a súa aceptación ou rexeitamento, e a súa xustificación.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2023

José Ramón Pardo Cabarcos

Secretario xeral técnico

CADRO ANEXO ALEGACIÓNS

Artgs	Contido da modificación	Consideracións	Alegante	Posición final	Redacción final
Exposición de motivos	Engadir: A natureza permite obter alimentos, auga, madeira, recursos minerais e combustibles; permite realizar actividades físicas, intelectuais e estéticas; afecta o benestar humano e alberga aqueles espazos que deben ser conservados de cara a manter as condicións de vida, da flora e da fauna. (…). Os servizos ecosistémicos engloban aspectos directos e indirectos que inflúen positivamente no benestar da sociedade, como os bens e servizos derivados do capital natural. O concepto de capital natural baséase en dotar dun valor económico o medio rural, incluíndo a súa biodiversidade e espazos naturais, desde a perspectiva da súa protección, conservación e mellora polos bens e servizos que proporciona, como aire de calidade, mantemento da biodiversidade, produción de alimentos, auga, madeira, recursos minerais, fibra, captura de CO2, patrimonio cultural, actividades lúdicas, culturais e turísticas e, en definitiva, saúde para o conxunto da sociedade humana. A necesidade de despregar novas tecnoloxías, entre elas as de aproveitamento de recursos minerais e as de produción de enerxía renovable, que contribúan tamén a un crecemento sustentable da sociedade humana, debe facerse tendo en conta ese valor económico dos servizos ecosistémicos. Ter en conta estes servizos, promovéndoos e compensándoos á hora da planificación de proxectos empresariais que contribúen ao interese común, é un xeito de reducir as inercias sociais e de favorecer a inevitable coexistencia, xa que o recurso se atopa maioritariamente no medio rural.	Se acepta considerando que os recursos minerais tamén constitúen recursos naturais de Galicia.	COMG	**ACEPTAR. Implica nova redacción**	"A natureza permite obter alimentos, auga, madeira, recursos minerais e combustibles; permite realizar actividades físicas, intelectuais e estéticas; afecta o benestar humano e alberga aqueles espazos que deben ser conservados de cara a manter as condicións de vida, da flora e da fauna. (...) O concepto de capital natural baséase en dotar dun valor económico o medio rural, incluíndo a súa biodiversidade e espazos naturais, desde a perspectiva da súa protección, conservación e mellora polos bens e servizos que proporciona, como aire de calidade, mantemento da biodiversidade, produción de alimentos, auga, madeira, recursos minerais, fibra, captura de CO2, patrimonio cultural, actividades lúdicas, culturais e turísticas e, en definitiva, saúde para o conxunto da sociedade humana. A necesidade de despregar novas tecnoloxías, entre elas as de aproveitamento de recursos minerais e as de produción de enerxía renovable, que contribúan tamén a un crecemento sustentable da sociedade humana, debe facerse tendo en conta ese valor económico dos servizos ecosistémicos."
Exposición de motivos	Compre [...] definición do que se considera recursos naturais[..]. No proxecto de lei aquí proposto fálase de "O compromiso coa protección, mantemento e mellora ambiental da zona de influencia dos proxectos", [...] cando falamos de "Zona de influencia" faltaría por indicar o alcance real, distancias. Cando se fala de zona de influencia convén analizar a zona de influencia real con indicación dos kilómetros que abarcaría, indicando os distintos niveis de influencia –moi alto, alto, medio, baixo- e as consecuencias en diferentes niveis: social, económico, patrimonial, cultural, saúde, etc, [...] Así como o establemento dun sistema de reclamación xurídica gratuíta para a poboación afectada en todo a zona de influencia en calquera fase do proxecto, da sua actividade, do seu desenvolvemento, quedando obrigadas as mercantiles a facerse cargo dos gastos ocasionados polos danos ocasionados e tamén polos costes legais e de reclamacións.[...] Tampouco queda definido o "Compromiso coa protección, mantemento e mellora ambiental"[...]	O anteproxecto xa enumera os recursos naturais no apartado II da exposición de motivos. Nel se inclúen alimentos, auga, madeira, fibra, recursos minerais e combustibles. Ademais, no articulado do anteproxecto establécense os proxectos que entran dentro do ámbito de aplicación e, máis concretamente, no artigo 7, estendéndose aos proxectos de produción de enerxía a partir de fontes renovables; proxectos que requiran da concesión de augas para usos de transición xusta, agropecuarios, agricultura, industriais para produción de enerxía eléctrica, bens de consumos ou industrias extractivas; e dereitos, concesións e proxectos de explotación mineiros. O concepto de zona de influencia xa existe na lexislación ambiental, por exemplo no artigo 5.2.f) da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e deberá determinarse para cada proxecto segundo as súas peculiares características tendo en conta o impacto que poida causar, o cal só se pode determinar no propio procedemento de avaliación ambiental. Os dereitos de participación e de reclamación da cidadanía xa están garantidos pola normativa vixente, como é o caso da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente. A modo de conclusión considerase garantista e explícita a defensa dos recursos naturais feita na exposición de motivos."	Isabel García, Diana García, Elena Vázquez, Juan Granados, Antonio García, María Elvira Martínez, Jesús Ramón Castro, Jesús Penido (CHEIROS NON), Lucía Naveiro, Mercedes Rial, Antonio García, Juan Antonio G. Llanos, Víctor Martínez (CHEIROS NON), Mercedes Vila, José Munín, Isabel García, José Ángel Martínez, Pilar Canabal, Sergio Louzao Iglesias, Elena Alonso, Sergio Louzao Alonso, Pablo Louzao, Alberto Louzao, Ana María Neira, Marisol Méndez, Ricardo Ares, Iria Ares, Ana Ares, José Ares, Víctor Ares, Alejandro Iglesias, Juan J. Quian, Cristobal López, Cristobal López (ECOLOXISTAS EN ACCIÓN), Mercedes Calvo, Antonio Calvo, Antonio Suárez, Clara Rodríguez, Aida María, Eloy Pérez, Celia Caneda, María Esther Tato, Jesús Penido (CHEIROS NON), Verónica Mato, Guadalupe Mato, Luis Gallardo, Alberto Castro, Alicia Castro, David Martínez (ECOLOXISTAS EN ACCIÓN), Yolanda Mayo (ECOLOXISTAS EN ACCIÓN), José Morentín, Rosario Ferro, Josefa Rilo, Nulidad García, Eva Martínez, María Jesús Pin, Antonio Morán, Margarita Prieto, Xaquín López (ECOLOXISTAS EN ACCIÓN), Ramón Mata, Leila Fernández, Carmen Pereiro, Enrique Castro, Juana Martínez, Albino Castro, Ermitas Lemos, Diego Lemos, Teresa Lemos, José Ramón Lemos, José Manuel Castro, Mercedes Agra, Sergio Castro, Alba Castro, María Elena Morentín, José Carlos Gómez, Sara Gómez, Ramón Iglesias, Divina Canadá, María Cruz Morentín, Pablo Vázquez, Manuela Rendo, Javier Morentín, María Victoria Ferro, Manuel Curros, Jose Vega García, Plataforma veciñal Mina Touro O Pino non; Ana Díaz Freiría (ECOLOXISTAS EN ACCIÓN CORUÑA), Elena Vazquez López (ASOCIACIÓN TRALAPENA); Eloy Pérez (FEDERACIÓN GALEGA DE ECOLOXÍSTAS EN ACCIÓN)	**ACEPTAR. Xa contemplado no texto**	

CADRO ANEXO ALEGACIÓNS

Artgs	Contido da modificación	Consideracións	Alegante	Posición final	Redacción final
Exposición de motivos	Incluír referencias ao sector mineiro acordes coa súa importancia.	Débense incluír maiores referencias ao eido mineiro, así como citar a Axenda de impulso da minería sostible de Galicia 2030, aprobada no ano 2022	Antonio García, Pedro Jiménez, Elvira de los Santos, Lourdes Escol, Luis Sanz, Pablo Núñez (COBRES SAN RAFAEL, Adrián García, Pelayo Fernández, Fco. Javier Amorrortu, Fernando Díaz, Sonia Soto, Antía Ferro, Ricardo Juncosa (GEAMA), Jesús Caballos, Mª José Naveiro, Priscia Moreno, Daniel Felipe Riveiro, Javier Balado (Mineiros TouroPino), Javier Balado, Javier Balado (J Balado), Vanesa Tizón, Ana Belén Villar, Pedro Juan Cuervo, Oscar Aurelio Cifuentes,	**ACEPTAR. Implica nova redacción**	"A propia Administración autonómica galega ten avanzado nestes ámbitos. Así, a Xunta de Galicia aprobou no ano 2022 a Axenda Enerxética de Galicia 2030, que constitúe a folla de ruta para a consecución dos obxectivos intermedios en 2030 que permitan acadar a neutralidade climática en 2050, con novas oportunidades, non soamente para o sector enerxético galego, senón para o resto de sectores estratéxicos de Galicia. Asemade, tamén no ano 2022 a Xunta aprobou a Axenda de impulso da Minería Sostible de Galicia 2030, que constitúe a estratexia, a folla de ruta, que se adapta aos nueos tempos e obxectivos do sector. Así, céntrase en impulsar a modernización e crecemento sostible da minería que vai a actuar como proveedor de minerais estratéxicos para a dgitalización; pero tamén na innovación tecnolóxica e o talento; así como en fomentar a integración ambiental da minería, a economía circular e a posta en valor do patrimonio mineiro."
Exposición de motivos	Indicar el peso de cada indicador cuantitativo. A aplicación dos indicadores está en colisión coa lei de minas. Clarificar el uso de la terminología de derechos mineros y proyectos de explotación, adaptándola a la ley de minas. Demorar la aplicación de los indicadores a fases más maduras en los proyectos mineros ya que no se pueden hacer compromisos en la fase de exploración. Información pública del uso de los indicadores para que se establezcan buenas prácticas. La evaluación de impacto ambiental ya contempla la salud humana, bienes materiales, patrimonio cultural, por lo que no es necesario añadir una valoración de beneficios sociales y económicos. No añadir trámites no preceptivos cuando no lo sea la evaluación de impacto ambiental. Convocar concursos mineros de derechos caducados, establecer un calendario previsible. Información pública para las bases antes de convocar concurso para que se sepan los indicadores utilizados y se puedan seguir buenas prácticas. Clarificar los requisitos de un proyecto minero de carácter prioritario. Los beneficios sociales y económicos deberían ser lista cerrada. Añadir recursos minerales a los recursos naturales en la exposición de motivos y articulado.	A maior parte das alegacións contradín o espírito da norma. Os trámites adicionais pretenden favorecer a implantación, desde un punto de vista local, de proxectos mineiros ben traballados. Si se considera necesario engadir os recursos minerais na exposición de motivos.	Ricardo Fdez Fdez (QUANTUM MINING SLU)	ACEPTAR PARCIALMENTE Implica nova redacción	"A natureza permite obter alimentos, auga, madeira, recursos minerais e combustibles; permite realizar actividades físicas, intelectuais e estéticas; afecta o benestar humano e alberga aqueles espazos que deben ser conservados de cara a manter as condicións de vida, da flora e da fauna. (...) O concepto de capital natural baséase en dotar dun valor económico o medio rural, incluíndo a súa biodiversidade e espazos naturais, desde a perspectiva da súa protección, conservación e mellora polos bens e servizos que proporciona, como aire de calidade, mantemento da biodiversidade, produción de alimentos, auga, madeira, recursos minerais, fibra, captura de CO2, patrimonio cultural, actividades lúdicas, culturais e turísticas e, en definitiva, saúde para o conxunto da sociedade humana. A necesidade de despregar novas tecnoloxías, entre elas as de aproveitamento de recursos minerais e as de produción de enerxía renovable, que contribúan tamén a un crecemento sustentable da sociedade humana, debe facerse tendo en conta ese valor económico dos servizos ecosistémicos."
Exposición de motivos	(Párrafo 4º al final añadir) Párrafo 4 al final añadir. Sin olvidar una adecuada rentabilidad social para la comarca donde se sitúe el proyecto y para toda Galicia.	No mesmo parágrafo xa se precisa que a utilización dos recursos naturais debe rendir un retorno social adecuado.	CC OO	REXEITAR	
Exposición de motivos	(Página 2, párrafo 3 proponemos añadir mención a la actividad minera) A natureza permite obter alimentos, auga, madeira, recursos minerais e combustibles; permite realizar actividades físicas, intelectuais e estéticas; afecta o benestar humano e alberga aqueles espazos que deben ser conservados de cara a manter as condicións de vida, da flora e da fauna. (...) Os servizos ecosistémicos engloban aspectos directos e indirectos que inflúen positivamente no benestar da sociedade, como os bens e servizos derivados do capital natural. O concepto de capital natural baséase en dotar dun valor económico o medio rural, incluíndo a súa biodiversidade e espazos naturais, desde a perspectiva da súa protección, conservación e mellora polos bens e servizos que proporciona, como aire de calidade, mantemento da biodiversidade, produción de alimentos, auga, madeira, recursos minerais, fibra, captura de CO2, patrimonio cultural, actividades lúdicas, culturais e turísticas e, en definitiva, saúde para o conxunto da sociedade humana. A necesidade de despregar novas tecnoloxías, entre elas as de aproveitamento de recursos minerais e as de produción de enerxía renovable, que contribúan tamén a un crecemento sustentable da sociedade humana, debe facerse tendo en conta ese valor económico dos servizos ecosistémicos. Ter en conta estes servizos, promovéndoos e compensándoos á hora da planificación de proxectos empresariais que contribúen ao interese común, é un xeito de reducir as inercias sociais e de favorecer a inevitable coexistencia, xa que o recurso, tanto mineiro como de enerxía renovable, se atopa maioritariamente no medio rural.	Acéptanse as inclusións relativas aos recursos minerais.	CC OO	ACEPTAR. Implica nova redacción.	A natureza permite obter alimentos, auga, madeira, recursos minerais e combustibles; permite realizar actividades físicas, intelectuais e estéticas; afecta o benestar humano e alberga aqueles espazos que deben ser conservados de cara a manter as condicións de vida, da flora e da fauna. Para tales efectos, a Organización das Nacións Unidas estableceu un sistema de clasificación internacional de servizos ecosistémicos, Cices (Clasificación Internacional Común de Servizos dos Ecosistemas) adoptado pola Axencia Europea de Medio Ambiente (EMEA) para poder establecer métodos de contabilidade de ecosistemas e poder realizar comparacións. Os servizos ecosistémicos engloban aspectos directos e indirectos que inflúen positivamente no benestar da sociedade, como os bens e servizos derivados do capital natural. O concepto de capital natural baséase en dotar dun valor económico o medio rural, incluíndo a súa biodiversidade e espazos naturais, desde a perspectiva da súa protección, conservación e mellora polos bens e servizos que proporciona, como aire de calidade, mantemento da biodiversidade, produción de alimentos, auga, madeira, recursos minerais, fibra, captura de CO_2, patrimonio cultural, actividades lúdicas, culturais e turísticas e, en definitiva, saúde para o conxunto da sociedade humana. A necesidade de despregar novas tecnoloxías, entre elas as de aproveitamento de recursos minerais e as de produción de enerxía renovable, que contribúan tamén a un crecemento sustentable da sociedade humana, debe facerse tendo en conta ese valor económico dos servizos ecosistémicos. Ter en conta estes servizos, promovéndoos e compensándoos á hora da planificación de proxectos empresariais que contribúen ao interese común, é un xeito de reducir as inercias sociais e de favorecer a inevitable coexistencia, xa que estes recursos se atopa maioritariamente no medio rural.

CADRO ANEXO ALEGACIÓNS

Artgs	Contido da modificación	Consideracións	Alegante	Posición final	Redacción final
Exposición de motivos	(Página 3 párrafo 6, hacia el final) "el impacto sobre la cadena de valor industrial local y autonómica, incluyendo procesos de creación de dicha cadena de valor impulsados por el propio promotor del proyecto"	Se acepta unha referencia máis ampla aos efectos na cadea de valor.	CC OO	ACEPTAR. Implica nova redacción.	"(...)o impacto sobre a cadea de valor, existente ou que se xenere industrial local e autonómica, así como a consulta e a participación significativa das administracións e dos das persoas interesadas locais no proxecto, a consideración dos seus intereses no desenvolvemento do proxecto e o seu apoio."
Exposición de motivos	(Página 4, párrafo 1, añadir) "la elección de indicadores cuantitativos, serán dialogados con organizaciones sociales y empresariales, con las que se cooperará en los procesos de elaboración de informes de valoración"	Os indicadores cuantitativos non conforman un numerus clausus polo que poden ser obxecto do diálogo social, pero a redacción de informes non pode implicar a suxeitos fora do ámbito da Administración, coa conseguinte ralentización do procedemento.	CC OO	REXEITAR	
Exposición de motivos	(Página 5, añadir párrafo despúes del 4º) "Asimismo, se apoyarán los proyectos de repotenciación y actualización tecnológica de parques eólicos ya existentes, permitiendo que la evaluación de impacto ambiental se elabore considerando la calificación del territorio afectado en el momento de la construcción del parque original (el que da derecho a la repotenciación) aunque sobre ese territorio haya sobrevenido con posterioridad declaración de zona con mayor protección, siempre que esto implique la reducción de emplazamientos al menos a la mitad de los previamente existentes. En caso de que reduciendo a la mitad los emplazamientos, podrá utilizarse el espacio restante para promover una nueva instalación"	Inclúese no articulado, artigo 17.2.d)	CC OO	ACEPTAR	
Exposición de motivos	(Página 6, párrafo 3) Añadir: "así como cooperar en el impulso de cadena de valor"	Se acepta unha referencia máis ampla á cadea de valor.	CC OO	ACEPTAR. Implica nova redacción.	"A Administración xeral da Comunidade Autónoma ou os seus entes instrumentais, cumprindo os requisitos establecidos na lexislación de patrimonio autonómico, poderán participar en sociedades mercantís entre cuxas finalidades e responsabilidade corporativa se encontren as de procurar o beneficio social e económico dos proxectos, e cooperar no impulso da cadea de valor no marco das súas operacións industriais, mercantís ou de investimento, de acordo coas normas previstas nesta lei."
Exposición de motivos	Página 9 Añadir párrafo tras el 4: "Se permitirán y fomentarán los acuerdos entre promotores eólicos o de otras energías renovables y comunidades energéticas locales, para la cesión de una parte de la producción de la producción de la infraestructura renovable para el consumo de los socios de dicha comunidad energética repartido este de la forma que decidan los socios".	Inclúese no epígrafe VIII da exposición de motivos.	CC OO	ACEPTAR. Implica nova redacción.	"Permitiranse e fomentaranse os acordos entre promotores eólicos ou doutras enerxías renovables e comunidades enerxéticas locais situadas nas zonas próximas ás de instalación dos proxectos, para a cesión dunha parte da produción da infraestrutura renovable para o consumo dos socios da devandita comunidade enerxética nas proximidades da comunidade, e repartido este da forma que decidan os socios."
Art. 1	"Esta ley tiene por objeto promover el desarrollo sostenible del territorio gallego mediante la regulación y la promoción de las siguientes actuaciones e instrumentos: a) La búsqueda del mayor beneficio social y económico en la ejecución de los proyectos incluidos en el título I, tanto en la propia Comunidad Autónoma de Galicia como, especialmente, en las zonas ubicadas dentro del ámbito de influencia de los proyectos y que se corresponden con los términos municipales en los que se implanten". "l) La valorización integral de residuos con alto potencial de biometanización generados en la Comunidad Autónoma de Galicia".	A modificación proposta no apartado a) non se considera axeitada. O ámbito de influencia dos proxectos non sempre se corresponde co termo municipal no que se implanten. O proxecto pode estar implantado cerca do límite municipal, e as zonas con maior influencia estar incluídas noutros concellos limítrofes. Acéptase a alegación para o apartado i) "	Marta Antoñanzas (Naturgy Energy Gruop SA)	**ACEPTAR. Implica nova redacción**	i) A valorización integral de residuos con alto potencial de biometanización xerados na Comunidade Autónoma de Galicia e, en especial, os xestionados pola Sociedade Galega do Medio Ambiente."
Art. 1	a) "A optimización do aproveitamento social e económico na execución de proxectos incluídos nas categorías do Título I, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia e, especialmente, no ámbito de influencia de ditos proxectos." g) "A implantación de proxectos de xeración enerxética a partires de fontes renovables vinculados ao autoconsumo próximas ou en instalacións industriais, áreas empresariais e portos."	No que se refire ao apartado a) só se ofrece unha modificación terminolóxica, preferíndose neste caso a redacción orixinal, xa que a utilización do concepto de beneficio social e económico está en coherencia co desenvolvemento posterior que se fai ao longo do texto normativo, e a noción de busca é máis axeitada ao fixara o obxecto da lei que a noción de optimización. En canto ao apartado g) a súa aplicación se prevé ás áreas empresariais que están definidas pola Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresarias de Galicia, que inclúe un conxunto de parcelas susceptibles de comercialización independente cuxo principal é o sector secundario ou terciario. A lóxica da prevalencia sobre as ordenanzas municipais e os mecanismos de autoconsumo previstos están pensados para este caso concreto.	Teira Avogados, S.L.	REXEITAR	
Art. 20	Excesiva discrecionalidade e facilidades para os proxectos mineiros.	A esixencia do estudio de impacto económico e social na aprobación do proxecto de explotación supón unha maior garantía ambiental na dita aprobación, tendo en conta que o obxecto da lei e procurar os beneficios sociais e económicos destes proxectos, compensando o seu impacto ambiental. As garantías de protección ambiental non diminúen, senón que se pretende ademais garantir un beneficio social e económico no territorio.	Luciano López Basanta, Mercedes Morado Paz (A Carreira SC), José Luis Morado Paz, Mercedes Morado Paz, Eva Mª Rodríguez Rodríguez, Elena Raposo González, María C. Vázquez Torres, Marta Vázquez Rouco, Iván Carballeiro Rodríguez, Carlos Montero Basandre, Jesús Bermúdez Vivero, Antón Fente Parada, Xesús Bermúdez, Margarida Prieto, Montse Sanmartín Castro, Mª Esperanza González Rodríguez, Iván Rodríguez Lombardero, Mónica Amado, Nery Díaz (ASOC. ECOLOXÍSTAS EN ACCIÓN GALIZA)	REXEITAR	

CADRO ANEXO ALEGACIÓNS

Artgs	Contido da modificación	Consideracións	Alegante	Posición final	Redacción final
Art. 20	Eliminación da preferencia dos investidores locais.	Os elevados investimentos que requiren estes proxectos que empregan recursos naturais así como a longa duración dos compromisos que se deben asumir, limitan dun xeito moi importante a presencia de investidores locais en favor de grandes grupos empresariais con moitos máis recursos financeiros. Esta circunstancia podería reducir a competitividade das pemes e diminúe o apoio social aos proxectos. Precisamente por estas razóns e tal e como se pon de manifesto na exposición de Motivos, a lei prevé instrumentos de apoio ao desenvolvemento dos proxectos e a participación das pemes e dos axentes locais. Tal e como indica o artigo 6º, en ningún caso a consideración dos beneficios sociais e económicos dos proxectos poderáimplicar a imposición de condicións nin requisitos que teñan como efecto directo ou indirectoa discriminación por razón de establecemento ou residencia dos operadores económicos. Non obstante, iso non quere dicir non se poida procurar o apoio aos proxectos entre os distintos axentes sociais, especialmente entre ascomunidades locais onde se van asentar, ou que as pemes locais poidan aproveitar as oportunidades de negocio que xurdan nodesenvolvemento dos proxectos, sempre dentro do máximo respecto ao marco normativo comunitario e estatal	José Manuel Pazo (ASOCIACIÓN EÓLICA DE GALICIA)	REXEITAR	
Art. 20	Non me parece ben que se utilicen os recursos naturais para que as empresas ganen cartos. Non me gusta que se lle minta á xente co conto de que haberá moitos postos de traballo. Que ganen os seus cartos e logo deixen as terras como un deserto, os ríos contaminados. En definitiva, non á mina.	A minería pode xerar riqueza no territorio sempre e cando se execute cumprindo todas as obrigas legais e a nivel ambiental demóstrese que é compatible co territorio	Susana Pena Rúa	REXEITAR	
Título II, Capítulo I	Permitir a participación das comunidades de montes nas sociedades participadas sen transformalas en sociedades mercantís.	No indicado capítulo prevense instrumentos de participación no desenvolvemento de proxectos para a Administración xeral da Comunidade Autónoma e os seus entes instrumentais. Non se establecen criterios para outro tipo de entidades que poidan participar nas sociedades mercantís, que deberán cumprir a normativa que lles sexa de aplicación (non se regula nesta lei a participación ou non participación das comunidades de montes nas sociedades participadas.	Organización Galega de Comunidades de Montes (Xosé Alfredro Pereira)	REXEITAR	
Título II	Solicítase que se motive a redución do límite mínimo de participación da Xunta de Galicia, a rebaixa do límite do 10% mínimo. Modificase este artigo - Sección Sociedades mercantís públicas a tonomicas Artigo 102. Definición. 3. A Xunta de Galicia poderá participar no capital das sociedades mercantís, calquera que sexa a súa forma ou obxecto social, cando o Consello da Xunta, previo informe da Consellería de Facenda, estímeo conveniente para o cumprimento de finalidades concretas de política económica. Salvo o disposto por normas especiais, a participación da Xunta non será inferior ao 10% nin superior ao 50% do capital social das devanditas sociedades.	Tendo en conta que algúns destes proxectos e sociedades poden implicar un grande custo, pode resultar difícil a participación da Administración se esta require dun mínimo do 10% polo que se considera máis prudente levantar este límite.	UXT	REXEITAR	
Título II	Doutra banda, reclamamos un modelo de desenvolvemento da transición enerxética que conte que conte con participación pública, a riqueza de Galicia ten que reverter en Galicia e a súa cidadanía. Nesta liña, dende UGT Galicia vimos propoñendo a creación dunha axencia pública que lidere as iniciativas enerxéticas estratéxicas, na liña do Instituto Enerxético de Galicia (Inega), un organismo que poida promover e participar societariamente en proxectos enerxéticos estratéxicos. O Goberno galego debe coliderar eses proxectos xunto co sector privado, para garantir o subministro das empresas tractoras da economía galega. O obxectivo debe ser poñer os intereses do país por encima de calquera outro interese privado. En relación ao sector eólico, valoramos que tras anos de dúbidas en relación a participación do sector público que xa estaba participando noutras áreas si se reconsidere a participación no sector da enerxía eólica. Isto, en Galicia debe supoñer unha oportunidade de integrar a enerxía renovable no desenvolvemento da nosa economía, recuperando o potencial a paralización que se arrastra dende hai anos, que conlevou a perda do liderazgo industrial neste sector e milleiros de empregos. sobre todo, no sector eólico polas especiais condicións xeoclimáticas do territorio que fan que esta enerxía sexa moi rendible e unha gran oportunidade para avanzar cara o obxectivo de cero emisións. Pero UGT aposta porque as novas autorizacións eólicas garantan a integración social e o respecto medioambiental, o problema medioambiental ao que se enfronta a sociedade actual e que pon diante un dobre reto, social e económico, que hai que resolver. Non obstante, neste contexto, tamén hai que atender a lexítima preocupación da sociedade galega ante as novas propostas para a instalación de novos parques eólicos que pretenden sumar MW adicionais que xa contan con acceso á rede e outros en tramitación.	Xa esta incluído no texto. Este é o obxecto do título II	UXT	ACEPTAR PARCIALMENTE	

CADRO ANEXO ALEGACIÓNS

Artgs	Contido da modificación	Consideracións	Alegante	Posición final	Redacción final
Art. 24	"1. Las actuaciones que lleven a cabo las sociedades participadas recogidas en este capítulo para la consecución de sus objetivos se realizarán en condiciones de igualdad y competencia con el resto de participantes del mercado, en todo caso, en el supuesto de gestión de recursos escasos debe resultar justificado el cumplimiento de tales principios".	Innecesariedade de resaltar unha xustificación de cumprimento dos principios de igualdade e competencia, toda vez que o respecto ás regras de funcionamento do mercado inspira o contido de toda a norma legal. O inciso que se solicita incorporar é innecesario, xa que os principios indicados afectan, tal e como se indica, a todas as actuacións que leven a cabo as sociedades participadas.	Marta Antoñanzas (Naturgy Energy Gruop SA)	ACEPTAR PARCIALMENTE	
Art 24.4.b)	"impulsen ou fomenten o desenvolvemento de proxectos de autoconsumo e eficiencia enerxética individuais ou colectivos, en particular no contexto de implantacións industriais, parques empresariais e portos situados na comunidade autónoma de Galicia."	O ámbito de aplicación deste anteproxecto non ten prevista a súa aplicación aos portos.	Teira Avogados, S.L.	REXEITAR	
Art. 24	Añadir un 5: "Se creará un organismo de participación, en el que se informará y se escuchará a agentes sociales y empresariales sobre la oportunidad y condiciones de dicha participación. Asimismo, se prestará información cada ejercicio a dicho órgano de los resultados y destino de los beneficios de dichas participaciones" "los ingresos derivados de desinversiones que se puedan producir en proyectos una vez hayan llegado a un momento de madurez que permita a esperar que pueda desarrollarse y seguir cumpliendo con sus objetivos de aportación positiva al impacto socioeconómico general, deberán reinvertirse prioritariamente en nuevas participaciones que cumplan las mismas características recogidas en la pres te ley"	Introdúcese no artigo 21.5 a obriga de informar ao diálogo social dos proxectos relevantes.	CC OO	ACEPTAR PARCIALMENTE	
Art. 25	Oposición á financiación pública destes proxectos.	Tal e como se recolle na propia exposición de motivos da Lei, a promoción do beneficio social e económico dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia precisa que as pemes e os pequenos investidores locais teñan acceso aos recursos financeiros necesarios en condicións equiparables ás dos grandes promotores. Polo tanto, o acceso ao financiamento público nestes proxectos está orientado ao desenvolvemento dos mesmos, mellorando á súa rendibilidade, aportando liquidez e reducindo custes, coa finalidade de promover que as pemes locais poidan acceder aos recursos financeiros necesarios para promover os proxectos en condicións equiparables ás das grandes empresas Tal e como se indica no artigo 25.b), o obxectivo dos instrumentos de financiamento é facilitar a execución dos proxectos, promover a existencia de ofertas competitivas no merado e a suficiente protección dos consumidores, así como a participación das pemes no desenvolvemento dos proxectos en condicións de igualdade coas grandes empresas. Estes tres obxectivos considéranse de suficiente importancia como para establecer mecanismos nos que a Administración xeral da CA e as entidades do sector público poidan promover instrumentos de financiamento, de ser o caso.	Elena C. Vázquez (As. Ambiental e Cultural Tralapena) 2 escritos	REXEITAR	
Título III	"Eólica mariña" de título, e cambiar tódalas referencias no título a eólica off Shore" por "eólica mariña".	Se estima adecuado evitar anglicismos.	Teira Avogados, S.L.	ACEPTAR. Implica nova redacción	
Título III	Oposición ao canon da eólica mariña por falta de competencia.	O canon á eólica mariña unicamente poderá gravar naqueles ámbitos sobre os que a Comunidade Autónoma teña competencias. Por iso se gravan as infraestruturas de evacuación, tendo en conta o impacto visual que xeran no litoral, e só dende o punto de aterraxe na costa ata a conexión á subestación correspondente. Por iso se considera que non existe conflito de competencias co estado. Se pretende gravar a posible afección ambiental no territorio galego, que se pretende limitar ao tempo que se establecen mecanismos que incentiven o soterramento de liñas.	José Manuel Pazo (ASOCIACIÓN EÓLICA DE GALICIA)	REXEITAR	
Art 31	Cambiar "beneficios sociais e económicos" por "Aproveitamento social e económico"	A totalidade da lei, e mesmo o seu título dende o acordo inicio, fai referencia aos beneficios sociais e económicos, que é un concepto facilmente comprensible, especialmente en termos de compensación, mentres que aproveitamento non ofrece a mesma claridade.	Teira Avogados, S.L.	REXEITAR	
Cap. II Art. 32-44	Eliminar canon eólico por colisión con competencias estatles.	O canon á eólica mariña unicamente poderá gravar naqueles ámbitos sobre os que a Comunidade Autónoma teña competencias. Por iso se gravan as infraestruturas de evacuación, tendo en conta o impacto visual que xeran no litoral, e só dende o punto de aterraxe na costa ata a conexión á subestación correspondente. Por iso se considera que non existe conflito de competencias co estado.	Juan V. Márquez López (Asociación Empresarial Eólica)	REXEITAR	

CADRO ANEXO ALEGACIÓNS

Artgs	Contido da modificación	Consideracións	Alegante	Posición final	Redacción final
Art. 32	Colisión de competencias co estado, e cos termos municipais.	O canon á eólica mariña unicamente poderá gravar naqueles ámbitos sobre os que a Comunidade Autónoma teña competencias. Por iso se gravan as infraestruturas de evacuación, tendo en conta o impacto visual que xeran no litoral, e só dende o punto de aterraxe na costa ata a conexión á subestación correspondente. Por iso se considera que non existe conflito de competencias co estado.	Marta Antoñanzas (Naturgy Energy Gruop SA)	REXEITAR	
Art. 32	Eliminación do canon da eólica mariña e en particular da base impoñible baseada na infraestrutura de vacuación.	Se gravan as infraestruturas de evacuación, tendo en conta o impacto visual que xeran no litoral, e só dende o punto de aterraxe na costa ata a conexión á subestación correspondente. Por iso se considera que non existe conflito de competencias co estado.	Miriam Martin (Capital Energy)	REXEITAR	
Art. 32	Oposición ao canon da eólica mariña, considérase discriminación contra a enerxía eólica en comparación con outras actividades que tamén teñen impacto visual.	Se gravan as infraestruturas de evacuación, tendo en conta o impacto visual que xeran no litoral, e só dende o punto de aterraxe na costa ata a conexión á subestación correspondente. Por iso se considera que non existe conflito de competencias co estado. Se pretende gravar a posible afección ambiental no territorio galego, que se pretende limitar ao tempo que se establecen mecanismos que incentiven o soterramento de liñas.	Javier López Lahera (EDP Renovables España SL)	REXEITAR	
Art. 32	Oposición ao canon da eólica mariña.	Se gravan as infraestruturas de evacuación, tendo en conta o impacto visual que xeran no litoral, e só dende o punto de aterraxe na costa ata a conexión á subestación correspondente. Por iso se considera que non existe conflito de competencias co estado. Se pretende gravar a posible afección ambiental no territorio galego, que se pretende limitar ao tempo que se establecen mecanismos que incentiven o soterramento de liñas.	Javier López Lahera (EDP Renovables España SL)	REXEITAR	
Art. 33	Infrinxe a libre competencia no seu apartado 3 ao dotar ás sociedades participadas de financiamento privilexiado.	O acceso ao financiamento público nestes proxectos está orientado ao desenvolvemento dos mesmos, mellorando á súa rendibilidade, aportando liquidez e reducindo custes, coa finalidade de promover que as pemes locais poidan acceder aos recursos financeiros necesarios para promover os proxectos en condicións equiparables ás das grandes empresas Non se dota ás sociedades participadas, senón que se promove sociedades que defendan os obxectivos previstos nesta lei	Marta Antoñanzas (Naturgy Energy Gruop SA)	REXEITAR	
Art. 33	Añadir al final de 1: También se podrán destinar a proyectos de I+D+i vinculados a eficiencia energética y autoconsumo, a proyectos de eficiencia energética en edificación en los ayuntamientos afectados y a proyectos industriales que generen beneficios ecosistémicos adecuados	Debe lembrarse que o canon da eólica mariña se configura como un imposto de carácter medioambiental. Polo tanto a afección dos seus ingresos debe estar intimamente relacionada á compensación polo danos medioambientais que sofre o litoral. Sen prxuízo do cal, a posibilidade de financiar proxectos de indole medioambiental xa cobre en grande medida o solicitado na alegación.	CC OO	ACEPTAR PARCIALMENTE	
Art. 39	Oposición á cota tributaria xa que incrementará os prezos da enerxía.	O canon da eólica mariña grava as infraestruturas de evacuación, tendo en conta o impacto visual que xeran no litoral, e só dende o punto de aterraxe na costa ata a conexión á subestación correspondente. Se pretende gravar a posible afección ambiental no territorio galego, que se pretende limitar ao tempo que se establecen mecanismos que incentiven o soterramento de liñas. Para este fin, establécense tramos en función do tipo de liña incentivando a minimización do impacto visual na paisaxe, e a menor afección en distancia no litoral.	Marta Antoñanzas (Naturgy Energy Gruop SA)	REXEITAR	

CADRO ANEXO ALEGACIÓNS

Artgs	Contido da modificación	Consideracións	Alegante	Posición final	Redacción final
Art. 45	Artigo 45. A recuperación integral do territorio afectado polos incendios forestais 1.- A consellería competente en materia de prevención e extinción de incendios forestais promoverá a recuperación integral das zonas do territorio afectadas por incendios forestais de incidencia singular, sempre de común acordo coas persoas propietarias ou xestoras das mesmas, con base nos seguintes principios: a) A planificación transversal do espazo rural afectado delimitado polo seu perímetro natural, dando prioridade na dita planificación á prevención dos incendios forestais. Esta planificación debe estar en consonancia coa ordenación que exista na unidade de xestión das diferentes superficies, ou ben acordando coa propiedade a súa modificación na seguinte revisión do plan especial; b) A determinación dos usos agroforestais óptimos para recuperar ou implantar na zona delimitada, promovendo asesorando á propiedade para acadar unha ordenación do territorio que procure a consecución dunha paisaxe mosaico, máis resiliente fronte aos incendios forestais. Para tal efecto, dotarase o ámbito territorial delimitado dun catálogo parcial de solos agropecuarios e forestais, conforme ao previsto no artigo 31 da Lei 11/2021, de 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia; c) A implantación prioritaria de paisaxes cortalumes e áreas estratéxicas de xestión nos puntos do territorio que se determinen con criterios técnicos da análise dos incendios acaecidos, de común acordo coa propiedade dos mesmos. Nesta implantación prestarse especial atención á protección dos núcleos de poboación; d) O impulso da diversión das masas forestais e da silvicultura preventiva no espazo forestal da zona afectada polo incendio forestal de carácter singular, no cal serán de aplicación as medidas de restauración reguladas no artigo 64 da Lei 7/2012, de montes de Galicia. Para estes efectos, serán declaradas zonas prioritarias de actuación en materia de control da erosión e restauración hidroloxico-forestal, conforme o previsto no artigo 65 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia; e) A actuación sostida sostida e constante durante o tempo necesario para asegurar a eficacia da recuperación proposta, que deberá incentivar a permanencia das actividades agrogandeiras e forestais propostas.	As actuacións de recuperación das zonas do territorio afectadas por incendios forestais pretenden facerse de común acordo coas persoas propietarias e xestoras desas zonas. Non obstante, poden existir casos nos que exista un interese xeral que deba protexerse con carácter prevalente, e mesmo caso de persoas propietarias descoñecidas, razón pola que non se considera axeitado incluír a previsión proposta. Por outra banda, a planificación da prevención con carácter xeral ten en consideración o planeamento existente, pero no caso de que ocorra un incendio forestal será precisa unha revisión dos plans especiais. Os plans especiais recollen as actuacións a desenvolver nun marco temporal concreto (5 anos). Constitúe precisamente unha causa de revisión dos plans a ocorrencia de incendios forestais sobre o terreo obxecto de planeamento, dado que as circunstancias xa non son as mesmas que no momento da súa aprobación.	Antonio Rigueiro (ASOCIACIÓN FORESTAL DE GALICIA)	REXEITAR	
Título IV	Debe coordinarse esta lei en materia de recuperación forestal coa tramitacion do anteproxecto de lei de defensa contra os incendios forestais, e con outras normas en materia de créditos de carbono.	O Título VI está plenamente coordinado coa DA 3ª ter da Lei 7/2012 de montes de Galicia e co anteproxecto de Lei de loita contra os incendios forestais de Galicia.	Verónica Rodríguez (Colexio de Enxeñeiros de Montes)	ACEPTAR	
Título IV	TÍTULO CUARTO - Recuperación integral do territorio afectado polos incendios forestais. Toda a regulación dos incendios de incidencia singular, así como o fondo de recuperación do territorio afectado por incendios forestais de incidencia singular ten que velar por unha maior participación das persoas propietarias dos montes e parcelas, é un tema moi sensible que precisa moito consenso. Concretamente no que atinxe ás Actuacións financiables mediante o Fondo de Recuperación do Territorio Afectado por Incendios Forestais de Incidencia Singular, deberían de considerarse e introducirse na Lei de xeito singularizado, as actuacións que teñan que ver co fomento da instalación dos pasteirose e pradeiras como elementos singularizados para a protección e resiliencia futura dos espazos queimadas polos lumes de incidencia singular. Non se mencionan en ningún momento na actual redación do Anteproxecto.	Xa se contempla a implicación dos propietarios na lei. En canto ás cuestións relativas a actuacións singularizadas de recuperación, estas corresponden ben ao desenvolvemento regulamentario, ben á lei en materia de incendios forestais que se está a tramitar.	UXT	ACEPTAR	
Art 45.1.a)	Incentivar la gestión forestal sostenible, promoviendo la limpieza de los bosques como una medida eficaz para la prevención de los incendios forestales asegurando la posterior gestión de los residuos forestales generados.	Parece axeitado incluír tanto a recuperación do territorio afectado polos incendios forestais, como a prevención. De feito o artigo 45.1.a), ao regular os principios con base aos cales a consellería promoverá a recuperación integral do territorio, inclúe a prevención.	Repsol Petróleo, S.A. (Natalia Barreiro)	ACEPTAR	
Art. 46	Artigo 46. O Fondo de Recuperación do Territorio Afectado por Incendios Forestais de Incidencia Singular. 1.- Créase o Fondo de Recuperación do Territorio Afectado por Incendios Forestais de Incidencia Singular como un fondo específico de carácter finalista, destinado a financiar tanto as actuacións de recuperación das zonas do territorio afectadas polos ditos incendios forestais como as actuacións de prevención de incendios, especialmente nas faixas de seguranza, públicas ou privadas, previstas na Lei de loita integral contra os incendios forestais.	Parece axeitado incluír tanto a recuperación do territorio afectado polos incendios forestais, como a prevención. De feito o artigo 45.1.a), ao regular os principios con base aos cales a consellería promoverá a recuperación integral do territorio, inclúe a prevención, da seguinte forma: Artigo 45. A recuperación integral do territorio afectado polos incendios forestais "1. A consellería competente en materia de prevención e extinción de incendios forestais promoverá a recuperación integral das zonas do territorio afectadas por incendios forestais de incidencia singular, con base nos seguintes principios: a) a planificación transversal do espazo rural afectado delimitado polo seu perímetro natural, dando prioridade na dita planificación á prevención dos incendios forestais ".	Antonio Rigueiro (ASOCIACIÓN FORESTAL DE GALICIA)	ACEPTAR	
Art 46	Non usurpar a xestión dos montes queimados ás comunidades de montes:	O artigo 46 non regula unha usurpación da xestión dos montes queimados ás comunidades de montes. O que regula é o procedemento a través do cal se determina que un incendio é considerado como de incendia singular. A consecuencia desta determinación permitirá a aplicación dos fondos á súa recuperación. Corresponde á consellería determinar a tipoloxía de actuacións e operacións concretas ás que estará destinado o fondo, dado que é a Xunta quen salvagarda o interese xeral.	Organización Galega de Comunidades de Montes (Xosé Alfredro Pereira)	ACEPTAR	

CADRO ANEXO ALEGACIÓNS

Artgs	Contido da modificación	Consideracións	Alegante	Posición final	Redacción final
Art. 46	Punto 5 Añadir al final: "se realizará proceso de información y consulta a organizaciones sociales (sindicatos presentes en diálogo social y patronales)"	Darase conta aos axentes sociais das actuacións realizadas mediante os mecanismos de diálogo social.	CC OO	ACEPTAR	
Art. 47	Artigo 47. Actuacións financiables mediante o Fondo de Recuperación do Territorio Afectado por Incendios Forestais de Incidencia Singular. 1.- De acordo co establecido no artigo anterior, e de conformidade coa normativa vixente, a consellería competente en materia de prevención e extinción de incendios de forestais poderá desenvolver, con cargo ao Fondo de Recuperación do Territorio Afectado por Incendios Forestais de Incidencia Singular, entre outras, as seguintes actuacións: a) Prestar servizos ou executar, en todo ou en parte, obras destinadas á recuperación dos terreos afectados polos incendios forestais, que poderán consistir na mellora dos terreos afectados polos incendios forestais, que poderán consistir na mellora dos terreos afectados con respecto á situación previa ao incendio forestal, coa finalidade de recuperar os recursos naturais daqueles e favorecer a súa explotación racional, e previr a aparición ou propagación de futuros incendios. Estas actuacións poderán ser desenvolvidas directamente pola indicada consellería, ou ben a través dos medios propios do sector público ou de entidades do sector privado, de acordo coa normativa dos contratos do sector público. b) Establecer liñas de axudas destinadas tanto á restauración dos terreos afectados e como á realización de traballos de xestión da biomasa en faixas de seguranza de montes privados, de particulares ou veciñais en man común, incluíndo, entre outras actuacións, a limpeza, posta en cultivo e as melloras, mesmo de carácter permanente, nos predios afectados, cuxas persoas beneficiarias poderán ser tanto as persoas titulares como as persoas arrendatarias deles. Estas actuacións poderán ser desenvolvidas directamente pola indicada consellería, ou a través de entidades colaboradoras ou a través das propias persoas titulares ou arrendatarias, de acordo co previsto na normativa vixente en materia de subvencións, e sempre dándolle prioridade ás persoas titulares ou arrendatarias dos terreos afectados, por contar cunha maior vinculación co territorio. Agás no caso de medidas que fose necesario tomar de forma urxente, sempre se lle debería dar prioridade ás actuacións establecidas nesta letra b) con respecto ás establecidas na letra a) anterior.	Parece axeitado incluír tanto a recuperación do territorio afectado polos incendios forestais, como a prevención. De feito o artigo 45.1.a), ao regular os principios con base aos cales a consellería promoverá a recuperación integral do territorio, inclúe a prevención.	Antonio Rigueiro (ASOCIACIÓN FORESTAL DE GALICIA)	ACEPTAR	
Art. 48	Artigo 48. Das achegas privadas ao Fondo de Recuperación do Territorio Afectado por Incendios Forestais de Incidencia Singular. 4.- As achegas consideraranse legalmente afectas ás finalidades xerais do fondo, salvo que na doazón ou negocio xurídico formalizado se precisase unha finalidade ou destino específico comprendido dentro das finalidades legais do fondo, ou un específico ao territorio afectado, caso en que as cantidades se considerarán legalmente afectas a estas finalidades e territorios concretos.	Corrección de erro.	Antonio Rigueiro (ASOCIACIÓN FORESTAL DE GALICIA)	ACEPTAR. Implica nova redacción	
Art. 49	Artigo 49. Comisións de seguimento do Fondo de Recuperación do Territorio Afectado por Incendios Forestais de Incidencia Singular. 1.- Para fomentar a transparencia, participación e información das actuacións do fondo, así como a eficiencia na súa utilización, a consellería competente en materia de prevención e extinción de incendios forestais, mediante resolución da súa persoa titular, creará unha Comisión Xeral de Seguimento do fondo formada por persoas representantes do sector público e das entidades que, pertencendo ao sector privado, achegasen ao fondo unha contía superior á que se fixe mediante a dita resolución, así como, de ser o caso, outras entidades privadas relacionadas co representativas do sector forestal a escala de Galicia, ou relacionadas coa protección ambiental.	Considérase axeitada a composición que regula actualmente o artigo 49 da Comisión de seguimento do Fondo de Recuperación. Contémplase tanto a participación pública, como privada e, respecto desta última inclúe tanto de entidades privadas relacionadas co sector forestal como coa protección ambiental, segundo o caso de que se trate. Por tanto, a nova redacción proposta na alegación non introduce ningún cambio significativo.	Antonio Rigueiro (ASOCIACIÓN FORESTAL DE GALICIA)	REXEITAR	
Art 49	Comunidades de montes na comisión de seguimento do fondo de recuperación.	Considérase axeitada a composición que regula actualmente o artigo 49 da Comisión de seguimento do Fondo de Recuperación. Contémplase tanto a participación pública, como privada e, respecto desta última inclúe tanto de entidades privadas relacionadas co sector forestal como coa protección ambiental. As comunidades de montes xa están incluídas na redacción orixinal, xa que son entidades privadas relacionadas co sector forestal, non resultando necesario nomealas explicitamente.	Organización Galega de Comunidades de Montes (Xosé Alfredro Pereira)	REXEITAR	
Título V	Extender la declaración de utilidad pública e interés social a las infraestructuras de interconexión entre proyectos de producción de energía renovable y proyectos tractores de hidrógeno renovable, así como los terrenos donde se asientan los proyectos de producción renovable siempre que los proyectos de producción de energía renovable destinen parte de su producción a proyectos tractores de hidrógeno renovable a un precio equivalente al Coste Nivelado de la Energía durante un plazo de 10 años.	A lei do sector eléctrico, lei básica estatal, exclúe claramente do beneficio da declaración de utilidade pública ás liñas directas	Andrea Miguez (REGANOSA)	REXEITAR	
Título V	Cambiar en todo o título "Proxectos de autoconsumo baseados en enerxías renovables nas áreas empresariais de Galicia" por "Proxectos de xeración enerxética a partires de fontes renovables vinculados ao autoconsumo próximas ou en instalacións industriais, áreas empresariais e portos". Aplicar todo o artigo a "parques empresariais, instalacións industriais e portos" en lugar de unicamente "parques empresariais". Aproveitando a declaración de impacto ambiental xa existente para implantación industriais, áreas empresariais e portos, permitilla instalación de instalacións de xeración de enerxía, incluídos os proxectos de xeración de hidróxeno, para acada-la descarbonización da actividade económica e mellora-la independencia e seguridade enerxéticas galegas.	A aplicación deste título se prevé nas áreas empresariais que están definidas pola Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresarias de Galicia, que inclúe un conxunto de parcelas susceptibles de comercialización independente cuxo principal é o sector secundario ou terciario. A lóxica da prevalencia sobre as ordenanzas municipais e os mecanismos de autoconsumo previstos están pensados para este caso concreto.	Teira Avogados, S.L.	REXEITAR	

CADRO ANEXO ALEGACIÓNS

Artgs	Contido da modificación	Consideracións	Alegante	Posición final	Redacción final
Título V	TÍTULO V - Proxectos de autoconsumo baseados en enerxías renovables nas áreas empresariais de Galicia. Unha vez máis hai aspectos dubidosos por poder entrar en conflito con outras normas como é o caso da lei do solo, das ordenanzas municipais existentes, PXOM, etc.	Precisamente este anteproxecto ten por obxecto establecer a prioridade normativa fronte a ordenanzas e instrumentos de planeamento para flexibilizar determinados aspectos do urbanismo co obxecto de facilitar a transición enerxética e o autoconsumo no sector industrial.	UXT	ACEPTAR	
Título V	Así o texto fala do "obxectivo fomentar a implantación de instalacións ou infraestruturas que contribúan ao autoconsumo, eficiencia enerxética e sustentabilidade das empresas instaladas en parques empresariais da Comunidade Autónoma". Polo tanto a redación da Lei as deberá de ter en conta, e mencionar expresamente, as cooperativas agrarias, forestais ou de ámbito agroalimentario, que pola natureza da súa actividade non teñen por qué ubicarse en parques empresariais. E darlle so mesmo nivel de prioridade á hora de remover "limitacións ou restricións de carácter urbanístico que poidan dificultar a implantación destas infraestruturas nas áreas empresariais, sen vulnerar as competencias munlcipais en materia de licenzas, pero creando un marco normativo que estableza os criterios básicos para favorecer a implantación daquelas" O mesmo cando se fai mención aos acordos das PPA's. Debe de apoiarse de xeito explícito os acordos das PPA's para cooperativas e todo tipo de empresas de implantación rural na área de influenza dos parques, nomeadamente as de actividade agroforestal. De xeito que a actividade empresarial no medio rural, onde se produce o impacto das instalacións de enerxía renovable, teñan unha discriminación positiva certa, que beneficie tanto a cooperativa ou empresa rural, como ao promotor das instalacións na consideración do seu impacto socioeconómico positivo sobre a comunidade local, cando favorece a este tipo de cooperativas e PEMES, con todos os beneficios que a Lei considera a eses efectos para os promotores que toman medidas para compensación aos actores locais afectados polos impactos das instalacións,	Debe terse en conta que estas normas están pensadas para as áreas empresariais. Outros tipos de solo teñen características propias que non aconsellan a traslación dun réxime normativo por riba das regras de organización do territorio que lle sean propias.	UXT	REXEITAR	
Art. 50	Establecer a obliga a todos os Parques Empresariales e/ou Polígonos Industriais a cubrir unha porcentaxe do 10% a lo menos do consumo eléctrico con fontes de enerxía renovable, e que se faga un estudo económico para valorar a súa implantación a través da constitución de comunidades enerxéticas. Incluir no desenvolvemento de novas áreas empresariais, o estudo obligatorio de constitución da Comunidade Enerxética xunto ca valoración da implantación de enerxías renovables.	Se considera que non é oportuno establecer como obriga a necesidade de obter unha porcentaxe de enerxía renovable en cada area empresarial e que isto se realice a través de comunidades enerxéticas. As medidas incluídas no conxunto do Titulo Quinto xa están facilitando a implantación dos proxectos de autoconsumo, tanto nas parcelas lucrativas como nos espazos comúns da area empresarial. Posteriormente, estes proxectos poderán ser materializados polos propietarios das parcelas baixo as formulas ou modalidades que consideren oportunas e adaptados as necesidades reais existentes en cada area empresarial.	José M.ª Fariña_INSTALACIONES FOTOVOLTAICAS VOLTFER SL	REXEITAR	
Art. 50	Obligar a todos os Parques Empresariales e/ou Polígonos Industriais a cubrir unha porcentaxe do 10% a lo menos do consumo eléctrico con fontes de enerxía renovable, como mínimo que se oblige a facer un estudo económico para valorar a súa implantación a través da constitución de comunidades enerxéticas. Incluir no desenvolvemento de novas áreas empresariais, o estudo obligatorio de constitución da Comunidade Enerxética xunto ca valoración da implantación de enerxías renovables.	Se considera que non é oportuno establecer como obriga a necesidade de obter unha porcentaxe de enerxía renovable en cada area empresarial e que isto se realice a través de comunidades enerxéticas. As medidas incluídas no conxunto do Titulo Quinto xa están facilitando a implantación dos proxectos de autoconsumo, tanto nas parcelas lucrativas como nos espazos comúns da area empresarial. Posteriormente, estes proxectos poderán ser materializados polos propietarios das parcelas baixo as formulas ou modalidades que consideren oportunas e adaptados as necesidades reais existentes en cada area empresarial.	José M. Fariña	REXEITAR	
Art. 50	Establecer a obriga a todos os Parques Empresariais e/ou Polígonos Industriais a cubrir unha porcentaxe do 10% a lo menos do consumo eléctrico con fontes de enerxía renovable, e que se faga un estudo económico para valorar a súa implantación a través da constitución de comunidades enerxéticas. Incluír no desenvolvemento de novas áreas empresariais, o estudo obrigatorio de constitución da Comunidade Enerxética xunto ca valoración da implantación de enerxías renovables.	Se considera que non é oportuno establecer como obriga a necesidade de obter unha porcentaxe de enerxía renovable en cada area empresarial e que isto se realice a través de comunidades enerxéticas. As medidas incluídas no conxunto do Titulo Quinto xa están facilitando a implantación dos proxectos de autoconsumo, tanto nas parcelas lucrativas como nos espazos comúns da area empresarial. Posteriormente, estes proxectos poderán ser materializados polos propietarios das parcelas baixo as formulas ou modalidades que consideren oportunas e adaptados as necesidades reais existentes en cada area empresarial.	José M.ª Fariña_INSTALACIONES FOTOVOLTAICAS VOLTFER SL	REXEITAR	
Art 51	Cambiar "e que teñan por finalidade obter unha maior eficiencia enerxética e sustentabilidade das empresas localizadas dentro do ámbito das áreas empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, nos seguintes espazos, entre outros" por "e que teñan por finalidade o incremento da xeración distribuída e a conseguinte seguridade enerxética, dentro do ámbito das áreas empresariais, solo industrial e portos da Comunidade Autónoma de Galicia, nos seguinte espazos, entre outros:"	Na redacción do artigo confúndese eficiencia enerxética con enerxías renovables e autoconsumo, polo que procede adoptar unha redacción máis precisa. A aplicación deste título se prevé nas áreas empresariais que están definidas pola Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresarias de Galicia, que inclúe un conxunto de parcelas susceptibles de comercialización independente cuxo principal é o sector secundario ou terciario. A lóxica da prevalencia sobre as ordenanzas municipais e os mecanismos de autoconsumo previstos están pensados para este caso concreto.	Teira Avogados, S.L.	ACEPTAR PARCIALMENTE Implica nova redacción	Redacción do artigo 51.1: "Admítese a implantación de instalacións ou infraestruturas para produción de enerxía a partir de fontes de enerxías renovables, xa sexa en réxime de autoconsumo individual ou para autoconsumo colectivo ou de comunidades enerxéticas, e que teñan por finalidade o incremento da xeración distribuída e a conseguinte seguridade enerxética dentro do ámbito das áreas empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, nos seguintes espazos, entre outros:..."

CADRO ANEXO ALEGACIÓNS

Artgs	Contido da modificación	Consideracións	Alegante	Posición final	Redacción final
Art. 51	Clarificar os límites da flexibilidade: altura máxima, distancia de recuamento, instlación principal, edificabilidade e dimensión.	As previsións recollidas no artigo 51 deben de analizarse no seu conxunto e en consonancia co recollido no resto do Titulo Quinto. As medidas de flexibilización das instalación para a produción de enerxía renovable recollidas no artigo, establece limites e controis para a súa implantación, especialmente nas zonas de recuamento cos colindantes e, ademais, en todo caso, require a necesidade de obter as licencias, autorizacións e permisos necesarios, tanto municipais como das outras administracións ou organismos que, de ser o caso, se requiran. Por outra banda, non é esta lei o instrumento onde se inclúan definicións que deben de figurar nas ordenanzas de cada area empresarial adaptadas as características de cada unha delas.	Elena C. Vázquez (As. Ambiental e Cultural Tralapena) 2 escritos	REXEITAR	
Art. 51	Oposición á excesiva flexibilidade: definir alturas máximas con límites, instalación principal, espacioss de recuamento, edificabilidade.	As previsións recollidas no artigo 51 deben de analizarse no seu conxunto e en consonancia co recollido no resto do Titulo Quinto. As medidas de flexibilización das instalación para a produción de enerxía renovable recollidas no artigo, establece limites e controis para a súa implantación, especialmente nas zonas de recuamento cos colindantes e, ademais, en todo caso, require a necesidade de obter as licencias, autorizacións e permisos necesarios, tanto municipais como das outras administracións ou organismos que, de ser o caso, se requiran. Por outra banda, non é esta lei o instrumento onde se inclúan definicións que deben de figurar nas ordenanzas de cada area empresarial adaptadas as características de cada unha delas.	Antonio Vilarino Rego	REXEITAR	
Art. 51	Límites ás alturas, recuamento, edificabilidade e definición de instalación principal.	As previsións recollidas no artigo 51 deben de analizarse no seu conxunto e en consonancia co recollido no resto do Titulo Quinto. As medidas de flexibilización das instalación para a produción de enerxía renovable recollidas no artigo, establece limites e controis para a súa implantación, especialmente nas zonas de recuamento cos colindantes e, ademais, en todo caso, require a necesidade de obter as licencias, autorizacións e permisos necesarios, tanto municipais como das outras administracións ou organismos que, de ser o caso, se requiran. Por outra banda, non é esta lei o instrumento onde se inclúan definicións que deben de figurar nas ordenanzas de cada area empresarial adaptadas as características de cada unha delas.	Luciano López Basanta, Mercedes Morado Paz (A Carreira SC), José Luis Morado Paz, Mercedes Morado Paz, Eva Mª Rodríguez Rodríguez, Elena Raposo González, María C. Vázquez Torres, Marta Vázquez Rouco, Iván Carballeiro Rodríguez, Carlos Montero Basandre, Jesús Bermúdez Vivero, Antón Fente Parada, Xesús Bermúdez, Margarida Prieto, Montse Sanmartín Castro, Mª Esperanza González Rodríguez, Iván Rodríguez Lombardero, Mónica Amado, Nery Díaz (ASOC. ECOLOXÍSTAS EN ACCIÓN GALIZA)	REXEITAR	
Art. 51	Oposición á excesiva flexibilidade: definir alturas máximas con límites, instalación principal, espacios de recuamento, edificabilidade.	As previsións recollidas no artigo 51 deben de analizarse no seu conxunto e en consonancia co recollido no resto do Titulo Quinto. As medidas de flexibilización das instalación para a produción de enerxía renovable recollidas no artigo, establece limites e controis para a súa implantación, especialmente nas zonas de recuamento cos colindantes e, ademais, en todo caso, require a necesidade de obter as licencias, autorizacións e permisos necesarios, tanto municipais como das outras administracións ou organismos que, de ser o caso, se requiran. Por outra banda, non é esta lei o instrumento onde se inclúan definicións que deben de figurar nas ordenanzas de cada area empresarial adaptadas as características de cada unha delas.	Antonio Vilarino Rego	REXEITAR	
Art. 51	Límites ás alturas, recuamento, edificabilidade e definición de instalación principal.	As previsións recollidas no artigo 51 deben de analizarse no seu conxunto e en consonancia co recollido no resto do Titulo Quinto. As medidas de flexibilización das instalación para a produción de enerxía renovable recollidas no artigo, establece limites e controis para a súa implantación, especialmente nas zonas de recuamento cos colindantes e, ademais, en todo caso, require a necesidade de obter as licencias, autorizacións e permisos necesarios, tanto municipais como das outras administracións ou organismos que, de ser o caso, se requiran. Por outra banda, non é esta lei o instrumento onde se inclúan definicións que deben de figurar nas ordenanzas de cada area empresarial adaptadas as características de cada unha delas.	Luciano López Basanta, Mercedes Morado Paz (A Carreira SC), José Luis Morado Paz, Mercedes Morado Paz, Eva Mª Rodríguez Rodríguez, Elena Raposo González, María C. Vázquez Torres, Marta Vázquez Rouco, Iván Carballeiro Rodríguez, Carlos Montero Basandre, Jesús Bermúdez Vivero, Antón Fente Parada, Xesús Bermúdez, Margarida Prieto, Montse Sanmartín Castro, Mª Esperanza González Rodríguez, Iván Rodríguez Lombardero, Mónica Amado, Nery Díaz (ASOC. ECOLOXÍSTAS EN ACCIÓN GALIZA)	REXEITAR	

CADRO ANEXO ALEGACIÓNS

Artgs	Contido da modificación	Consideracións	Alegante	Posición final	Redacción final
Art. 51	"...a partir de fuentes de energías renovables, también se admitirá la cesión de promotores de parques eólicos a instalarse en la misma comarca de un máximo de un 10% de la producción anual, como parte de su remuneración a los servicios ecosistémicos, para que sean aprovechados, ya sea en régimen de autoconsumo individual o para autoconsumo colectivo o de comunidades energéticas."	Esta cuestión excede do ámbito de aplicación das áreas empresariais de Galicia	CC OO	REXEITAR	
Art. 52	Eliminar a necesidade de autorizacións sectoriais para instalacións fotovoltaicas de autconsumo en cubertas de naves industriais ou permitir a Declaración Responsable como mecanismo de axilización dos procedementos administrativos. de enerxías renovables en áreas empresariais"	Xa hai a Instrución interpretativa conxunta da DX de Ordenación do Territorio e Urbanismo e a DX de PlanificaciónEnerxética e Recursos Naturais sobre o título habilitante esixible para a instalación de paneis solares térmicos ou fotovoltaicos para o autoconsumo e sobre os requisitos para a implantación de instalacións para o aproveitamento de enerxía solar en solo rústico, no que se aclara que na maior parte dos casos non se precisa licenza urbanística. Nos casos de informes sectoriais a devandita necesidade de solicitude vén determinada pola normativa básica aplicable. No seu caso, a eliminación da necesidade de solicitar informes sectoriais para as instalacións fotovoltaicas en cubertas das naves industriais, semella que é mais adecuado que poda incluírse, se é o caso, como unha determinación nos instrumentos de desenvolvemento urbanístico e nas ordenanzas de cada ámbito mais que, con carácter xeral, para todas as areas empresariais. Estes instrumentos se elaboran atendendo as características de cada ámbito e requiren os informes sectoriais oportunos.	José M.ª Fariña_INSTALACIONES FOTOVOLTAICAS VOLTFER SL	ACEPTAR PARCIALMENTE	
Art. 52	Eliminar a necesidade de autorizacións sectoriais para instalacións fotovoltaicas de autoconsumo en cubertas de naves industriais ou permitir a Declaración Responsable como mecanismo de axilización dos procedementos administrativos.	Xa hai a Instrución interpretativa conxunta da DX de Ordenación do Territorio e Urbanismo e a DX de PlanificaciónEnerxética e Recursos Naturais sobre o título habilitante esixible para a instalación de paneis solares térmicos ou fotovoltaicos para o autoconsumo e sobre os requisitos para a implantación de instalacións para o aproveitamento de enerxía solar en solo rústico, no que se aclara que na maior parte dos casos non se precisa licenza urbanística. Nos casos de informes sectoriais a devandita necesidade de solicitude vén determinada pola normativa básica aplicable. No seu caso, a eliminación da necesidade de solicitar informes sectoriais para as instalacións fotovoltaicas en cubertas das naves industriais, semella que é mais adecuado que poda incluírse, se é o caso, como unha determinación nos instrumentos de desenvolvemento urbanístico e nas ordenanzas de cada ámbito mais que, con carácter xeral, para todas as areas empresariais. Estes instrumentos se elaboran atendendo as características de cada ámbito e requiren os informes sectoriais oportunos.	José M. Fariña	ACEPTAR PARCIALMENTE	
